

A blue-tinted photograph of children in a classroom. In the foreground, a girl in a light-colored dress is seen from the back. To her right, a boy in a white soccer jersey with 'BELLINGHAM' and the number '5' on the back is leaning forward. Other children are visible in the background, some looking at books on a shelf. The floor is covered with long, thin streamers that the children are playing with.

aulas libres

revista de pensamento,
información e debate
do **steg**

13

Aulas Libres
Revista de pensamento,
información e debate
do STEG

nº13 (Segunda etapa)
Galiza, maio de 2025

Depósito legal: C 2092-2013
ISSN: 2340-8618

Este número pechouse
a 8 de abril de 2025.

Edita: Sindicato de Traba-
lladoras e Traballadores do
Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe: Comisión Permanente
do Secretariado Nacional do
STEG.

Coordinan: Comba Campoi
García e Miguel Paz Cabo.

Maqueta e imprime:
Sacauntos Cooperativa

Imaxe de portada:
Ceip P. de Outes

Permítese a reprodución
sempre que se cite autoría
e procedencia.

Distribución gratuíta
na súa versión dixital.

Prezo da versión impresa: 10 €

A revista non se fai
necesariamente partícipe
das opinións das persoas
que colaboran nela.

3 editorial

5 9 meses
dun curso intenso

6 Asemblea Xeral pola
Lingua no Ensino

28 a situación das
linguas minorizadas
noutros territorios:
País Valenciá e
Asturies

32 experiencias de
normalización
lingüística no ensino

41 desnarcotizar o
silencio

43 portugués no ensino
galego, penúltima
oportunidade

44 presentación
calendario das
mulleres

32 o inferno da
temporalidade
perpetua

51 situación actual da
orientación educativa
galega

48 recuperar nas aulas
a memoria das
víctimas das violencias
franquistas


54 a educación sexual
nas escolas

57 saúde mental na
escola

58 o cole de Cea, escola
titiriteira

61 filosofía para nenos
e nenas no CEIP
Plurilingüe de Outes

65 notas para recordar
como se desmilitariza
a escola



Reactivármonos fronte á emerxencia

Volven as aulas libres, como desexo liberador que o noso influxo colectivo pode contribuír a acadar. Aulas Libres que, tras un tempo de inacción e desánimo, produto da constatación dunha realidade que se antolla sombriza, teiman por rexurdir, reivindicando así o poder transformador do optimismo, da confianza no poder do colectivo, da palabra crítica perante as políticas absurdas e de feitos consumados.

Recuperamos estas páxinas para berrar alto que o corpo docente galego, cando se organiza e se ilusiona, ten un poder imenso para contaxiar o amor pola lingua, polo pensamento crítico, polas ideas de xustiza e de equidade. Estas páxinas veñen cargadas de ideas que abrollaron un 9 de febreiro na compostelá Casa do Taberneiro, onde se congregaron tantos latexos de amor pola lingua que se resisten a dar por perdida a batalla da normalización lingüística no ámbito escolar. A Asemblea Xeral pola Lingua no Ensino demostrounos que xuntas somos quen de trazar camiños

insólitos para seguir adiante, malia a todo. Toda esa enerxía trasládase agora a esta publicación que renace, necesaria, como espazo de reflexión desde o ámbito educativo, como lugar desde o que mudar o mundo.

Para alén da situación da lingua galega entre as infancia e as adolescencias, que ocupa máis da metade deste número, teñen espazo estas páxinas para as propostas e experiencias que se están a levar a cabo para facer da escola, do ensino, aquel instrumento de transformación da realidade que imaxinaron Freire ou Freinet. A filosofía, a sexualidade, o benestar emocional, a memoria democrática — indispensable para camiñar con paso certo pola historia —, ou a crítica aos escuros camiños que os imperios económicos teñen trazado para a escola dos próximos anos, aqueles contra os que nos temos que revoltar.

Todos son asuntos que preocupan ao corpo docente galego, e que desde estas páxinas queremos contribuír a amplificar.



9 meses dun curso intenso

As compañeiras do STEG rematamos o curso 2023/2024 pechadas na consellería de Educación, para entregarlle a Román Rodríguez un caderno de notas onde os suspensos eran a tónica xeral.

Durante o verán o conselleiro non fixo as tarefas. O persoal substituto continúa sen cobrar o soldo de verán, pese a existir un acordo sindical que obriga á Administración. O STEG optou por non mirar para outro lado e levar a situación ao Tribunal Constitucional. Somos conscientes da dificultade do proceso, pero tamén pensamos que manter en alto a bandeira contra a precariedade é un deber dun sindicato de clase.

O conselleiro tamén suspendeu na recuperación da xornada. En primaria, segui-

mos lonxe das 21 horas. En secundaria situámonos á cola do Estado, con 20 horas lectivas, moí lonxe das 17 de Euskadi ou Castela e León.

Iniciamos o curso convidando a diferentes forzas sindicais a retomar o camiño da unidade. Non tivemos resposta. Aínda así o STEG sumouse a todas as mobilizacións convocadas en defensa do ensino público, como a do 11 de setembro ou a do 26 de outubro. Acreditamos na unidade sindical.

O temporal Kirk amosou a falta dun protocolo. Tellados voando, muros caendo e docentes e alumnado poñendo en risco a súa vida. Moitas direccións de centros, da man do STEG, reclamaron a elaboración dun protocolo que non deixara nas súas cabezas toda responsabilidade, como volveu pasar o día do apagón. Hoxe contamos, grazas ao STEG, con ese protocolo. Non é o que nós faríamos, mais por fin temos algunhas cousas claras.

O conselleiro tamén suspendeu en galego. A perda de galegofalantes xa fora denunciada polo STEG na revista Alioli (STE-PV). Ante esta situación o STEG iniciou unha potente campaña, deseñada polo artista Leandro

Lamas, e que tivo o seu punto álxido na Asemblea Xeral Pola Lingua. Desde o STEG non renunciámos nin ás letras de Xohana Torres nin ás de Carvalho Calero. Mentras, o conselleiro de Cultura afirmaba que o D. de Plurilingüismo supuxo unha importante mellora na educación. Mexan por nos e din que chove.

En Palestina chovían (choven) bombas sionistas e na Galiza, a solidariedade anegaba os centros educativos. A plataforma Docentes con Palestina, impulsada hai máis dun ano, convocaba novamente mobilizacións en escolas e institutos. O STEG organizaba un encontro aberto á cidadanía con Ruth Conde, enfermeira galega e brigadista internacional da saúde en Gaza. Seguimos reclamando que a Consellería rompa os acordos económicos con todas as empresas vinculadas ao sionismo. Porén, San Caetano ten as portas abertas ás empresas amigas, como amosa que empresas enerxéticas impartan cursos de suposta sustentabilidade ao profesorado de FP, como denunciou STEG xunto con ADEGA, FEG e SGdHN.

Será o momento dunha nova visita á Consellería?



Asemblea Xeral Pola Lingua no Ensino

aulas
libres

5

O 9 de febreiro de 2025 desafiámos os elementos e os augurios que invocaban o desánimo. A Casa da Taberneiro converteuse nun fervedoiro de ideas e propostas para devolverlle a iniciativa ao profesorado. Podemos facer moito, podemos ser ese terceiro espazo acolledor que acompañe o alunado galego-falante, podemos ser esa equipa que consegue atraer para si novas falantes. As estruturas non están do noso lado, nin as leis, nin os medios. Mais sabemos que nas fendas dos muros tamén abrollan as sementes. E temos que compartir as ideas que funcionaron no micro para deixar que se estendan e se fagan masivas. Foi unha xornada intensa e emocionante, da que saíron reflexións e propostas que agora trasladamos a estas páxinas, coa idea de que sirvan para continuar a camiñarmos xuntas. Nas rúas, nas asembleas, mais tamén nos patios e nas aulas.

Ilustran as conclusións da Asemblea Xeral pola Lingua no Ensino as fotografías da serie fotográfica de Alba Díaz «A lingua do futuro: o futuro da lingua». No marco actual de emerxencia lingüística, esta serie evoca a riqueza da lingua galega nos seus diferentes ámbitos, dende a súa abondosa e talentosa creación musical e literaria até o seu vizoso patrimonio natural traducido en palabras. Todo, a partir dos rostros e miradas de nenas e nenos, a rapazada do presente. A cidadanía adulta do mañá. Nelas e neles, e no uso que fan acotío do galego descansa en gran medida a supervivencia, proxección e conservación non só da nosa lingua, senón tamén da nosa identidade.

Serie fotográfica «A lingua do futuro: o futuro da lingua»

→ ALBA DÍAZ

é mestra do ensino público e fotógrafa. Colabora con medios de comunicación e é autora de portadas de libros varios. Recibiu distintos galardóns e participou en exposicións colectivas e individuais.

Contra o desastre

Asemblea do STEG pola lingua



→ **LOIS PÉREZ**

é mestre e escritor. Premio Follas Novas ao Mellor Libro Infantil 2025

Nos grupos
de traballo
participaron
docentes e
persoas
doutros
colectivos
como NEG,
Semente, AGAL
ou AS-PG



A xornada do domingo na Casa do Taberneiro, na súa sesión de mañá, artellouse sobre catro grupos de traballo simultáneo: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria e FP e Lingua Portuguesa, onde se presentaron cadanseus textos para o debate de cada grupo. Estes foron achegados por Natalia Cea Rodríguez, Manuel Bragado, Miguel Carnota Rodríguez e Filipe Díez. Nestes grupos de traballo, ademais de docentes do ensino público, participaron tamén persoas doutros eidos vencellados ao ensino, quer colectivos de renovación pedagóxica como Nova Escola Galega ou Asociación Socio-pedagóxica Galega, quer AGAL ou Semente.

Analizouse o cambiante marco legislativo que derivou na situación actual, como sinala Bragado no seu texto de partida para o debate do grupo de Educación Primaria. As docentes do grupo de Educación Infantil fixeron referencia no seu debate ao limbo legal que ocasionou o Decreto de Plurilingüismo no relativo ás consultas ás familias para

determinar a lingua vehicular (en 2012, o TSXG ditou unha sentenza anulando os seus artigos 5.2 e o 12.3). Outrosí, profundaron nos importantes aspectos afectivos e emocionais que concorren na aprendizaxe dunha lingua nas idades máis temperás e na necesidade de que a autoestima do alumnado e do propio profesorado, vaia parella ao cuestionamento da propia función docente en relación ás propostas de ensino- aprendizaxe para a adquisición e coñecemento da lingua propia, promovendo materiais didácticos atractivos, actualizados e de calidade. O profesorado de Secundaria e FP debateu arredor do texto de Miguel Carnota. Analizouse a conveniencia da proxeción externa no radio de acción do centro das actividades normalizadoras propostas así como a necesidade de que a actividade dos equipos de normalización (actualmente denominados 'de dinamización' pola Xunta actual) constitúa a conformación de espazos non hexemónicos dentro da actividade dos centros.

No faiado tiña lugar o tra-



ballo do grupo de portugués, a partir dun texto de Filipe Díez, e coa presenza de compañeiras como Antía Cortizas ou Susana Sanches Aríns. Nel incidíuse en que a lusofonía non debe ser enxergada unicamente como un concepto lingüístico, senón como un elemento transversal a todos os niveis, que a promoción desta non debe ser exclusiva de ningún ámbito, pero que a educación é sen dúbida o terreo privilexiado para o contacto con esa realidade e para a consolidación dunha percepción do galego como lingua internacional, extensa e útil. Tamén se sinalou que se deben dar pasos conxuntos, sen incidir en aspectos que teñen provocado certa división, como a cuestión ortográfica, que unha vez consolidada unha percepción social

do galego como lingua internacional, terá o camiño abonado para facer a transición que se considere necesaria nese sentido.

Logo do concorrido xantar de confraternidade, xa pola tarde, tivo lugar a exposición conxunta das conclusións de cada grupo. Basicamente, a necesidade de recuperar as políticas públicas integrais de normalización, o que obriga a elaborar un documento normalizador estratéxico. Parece claro que o mesmo débese valer coas actividades complementarias e de socialización secundaria, organizadas polo centro ou polas ANPA, así como nas comunicacións internas e externas dos centros, titoría e formación de familias, sinalética interior e externa, taboleiros de anuncios, webs e redes sociais.



os Equipos de Normalización funcionan como laboratorios lingüísticos dentro dos castelanizados institutos galegos



8 Cuidar a raíz

o único tangível no presente para florescer no futuro

→ NATALIA
CEA
RODRÍGUEZ

é Coordenadora pedagógica e linguística das Escolas de Ensino Galego Semente, PhD em Inovação e Equidade em Educação na Universidade da Corunha)

Através da língua, seja escrita ou falada, as pessoas abrem-nos à interpretação do mundo. Desenvolvemo-nos entre imaginários dissidentes e simpatizantes com o poder que o rege. Pontos de vista que estranha vez coincidem. Perspectivas que, em espaços grandes se podem chegar a diluir. Umha parte considerável das nossas vidas desenvolve-se entre palavras. As línguas estão presentes desde o mesmo momento em que saímos do ventre das nossas mães. O nosso nome é a primeira representação do abecedário escolhido a consciência para nós, e seguirão a construir-se outras entre as paredes dos lugares que nos recolham. Lugares como a nossa casa, a padaria da rua do lado, as pistas onde baixamos a jogar com as colegas ou a escola. E dentro da escola, do sistema educativo, há umha etapa essencial, especialmente sensível e injustamente relegada ao esquecimento: a educação infantil.

A etapa educativa de infantil é muito extensa. Nas escolas infantís (mal chamadas guarderías), há bebés desde os três meses até os três anos. Em escolas que também incluem o segundo ciclo, como as EEG

Semente, outras EEI e CEIP do sistema público, o período prolonga-se até os seis. Passam muito tempo lá, horas e horas em que os acontecimentos que vivem, presenciam e protagonizam, som fatores definidores para o seu desenvolvimento como pessoas. Como agentes ativos no câmbio constante do mundo, da sociedade. Como parte fundamental das lutas que nos ocupam no árduo trabalho que é estabelecer justiça social. Em todos os âmbitos.

O estado de emergência quanto à situação linguística que vivemos não é surpreendente, as galegas temos umha ampla literatura que, desde séculos atrás, vêm refletindo um maltrato constante, continuo e sistemático cara a língua e as falantes da mesma. Mais falemos do presente. Falemos de educação infantil.

Desde a educação, a responsabilidade não é completa, mais sim muito importante. E num momento em que a sensibilidade ecológica avança, não devemos esquecer transmitirmos, também, sensibilidade linguística. Já desde os primeiros meses de vida.

Quanto mais perto da raíz, mais significadas serão as consequências. Cuidar a base é tão necessário como beber água. Antia Cal tinha-o muito claro, há que ter um



pré-escolar boíssimo, porque é nessa etapa que se fornece a igualdade (Casal, 2024). Há que deixar de fazer bandeira da ignorância consolando-nos no falso estado de bilinguismo harmónico em que dizem que vivemos. Nom é real, é simplesmente um argumento paliativo, da hipocrisia definitória da Xunta de direitas que dirige Galiza desde o 2009.

Com a chegada ao governo do Partido Popular, chegou a aprovação do Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilinguismo no ensino nom universitário de Galiza. Com esta nova normativa, a língua galega perde significativa presença no sistema educativo e quanto a educação infantil elimina-se por completo a medida de proteção ao galego em contornas castelhana-falantes do anterior Decreto 124/2007. Estabelecendo que será o centro o que determinará a língua materna predominante entre o alunado depois de consultá-lo às famílias. Em 2012, o TSXG dita umha sentença anulando os artigos 5.2 e o 12.3 do 79/2010. O primeiro justificando-se nas responsabilidades da Administração e nos limites da esfera de eleição familiar. O segundo, por contradizer a Lei de Normalização no seu artigo 13.2, que exige a progressividade da língua no ensino. Com tudo, na atualidade, nom existe tal progresso, a consulta às famílias ficou num limbo, num estado de inconsciência legal que abre as possibilidades de interpretação, em negativo desde logo, mas em positivo também.

A realização da consulta às famílias nom determina que a língua veiculada das aulas deva coincidir coa utilizada pela maioria, ademais de que a prática familiar também nom determina os interesses, polo que nom tem de ser um limite. Como docentes podemos colocar-nos desde umha interpretação estratégica e atuar dum jeito em que a legislação seja respeitada nos seus objetivos explícitos: atingirmos a competência do alunado em língua galega.

Há que apartar o conformismo, renegar dos discursos de ódio e fornecer as crianças de ferramentas e recursos, para serem indivíduos críticos numha sociedade em que a injustiça é a norma, nom a exceção.

Contra essa vulneração de direitos, a autoestima é a única ferramenta. A autoestima está na educação infantil, na raiz, e esta, é umha questão definitiva e irrevogável. Como educadoras, devemos transformar-nos, também, em militantes da língua. Dentro das aulas, construímos um espaço seguro onde poder viver, onde poder medrar, onde poder desenvolver umha identidade de jeito livre. A língua galega



está, objetivamente, em risco de extinção. E em palavras de Séchu Sendé (2023), a única alternativa para combater a pressão para que as crianças larguem o galego, é escrevermos nós a nossa própria história, passar da teoria à ação.

Que papel podemos jogar desde a posição docente? Como podemos evitar que a sangria atual de falantes continue medrando? Em que ponto de atuação ficam as EDNLG?

O primeiro é questionar-se a nível individual. Redesenhar a imagem auto-percebida e projetada a toda a comunidade. Longe de preconceitos adquiridos e amplamente difundidos por diferentes coletivos, medrar na língua própria nom limita a aprendizagem doutras línguas. A aquisição de várias línguas é umha questão com vanta-

gens neurológicas (entre outras) já demonstradas, mas o plurilinguismo deve fazer-se desde o idioma de seu, desde a língua de afecto, de convivência, de jogo e de vinculação. Ao instalar-se nessa base, não existe problema a hora de incorporar outras línguas nas nossas vidas, e as possibilidades de claudicar do próprio reduzem-se. Nas escolas, a língua tem de viver-se como estima e sinal de orgulho e se os modelos de referência não o fazem, inclusive inconscientemente, as dinâmicas de poder que se erigem são nocivas para tudo o que envolve o contexto sociolinguístico dum país. A autoestima linguística do alunado começa na autoestima linguística dos modelos de referência, e nós, educadoras e educadores infantis, somos modelos linguísticos de referência para as crianças.

Reafirmada a nossa posição, a auto-organização é o seguinte passo. Prévio este, a uma proposta de ação coletiva. A primeira questão é difundir o significado da língua para o povo, que contra a ideia de quem nos rexe, é um bem cultural de primeira ordem, fruto próprio em interação secular. Não pode ser algo que entre num debate classista ou de partidos, senão um bem comum que emparelhe e singularize, e que se defenda primeiramente, usando-o com absoluto conhecimento e normalidade.

Criar um entorno linguístico seguro e enriquecido começa em cada aula, apresentando materiais pedagógicos atra-

tivos adaptados à idade, atualizados e de qualidade. Às vezes é um trabalho complexo: é certo que a produção literária, audiovisual, didática... é menor em língua galega. Escassa, muito pequena ou quase desaparecida nos âmbitos mais científicos e tecnológicos. Talvez, para ampliar a oferta, entender que a nossa é uma língua internacional é indispensável. E assim somar recursos nas diferentes variedades, construir-nos então como falantes completadas em qualquer espaço da vida.

A visão reintegracionista não passa necessariamente por uma mudança ortográfica, além disso, magnifica as possibilidades de conservação e projeção da língua.

Também podemos criar materiais próprios, e sejam estes ou outros, partilhá-los entre a comunidade. Estabelecer redes de apoio entre companheiras, entre escolas. Involucrar as crianças de jeito ativo na sua própria aprendizagem e fomentar a participação familiar, é outro dos pontos fundamentais da ação docente.

Essa participação não pode ser puntual e anecdótica como há anos que acontece com as equipas de normalização. Sem abordar câmbios estruturais na utilização idiomática, não é possível alcançar mudanças, nem sequer com financiamento. E mesmo com esta, sem abordar a desconexão que existe com a comunidade educativa é impossível desenvolver projetos a longo prazo e com sucesso.

As educadoras infantis e as ENL têm um papel chave na normalização da língua, mas para conseguir um impacto real necessita-se uma maior coordenação, criatividade e apoio institucional. Enquanto este último se luta nas ruas em cada concentração convocada, temos a responsabilidade de aproveitar-nos das primeiras. Utilizar o privilégio da nossa profissão para semear a língua como língua de amor e aprendizagem. Sem esquecer que esse é um trabalho que precisa de continuidade, alguma coisa que se planta precisa de cuidados para chegar a dar fruto. Com as pontes construídas, garantimos um vínculo fortalecido ao longo de todo o processo educativo, e assim, a situação da língua e das falantes da mesma, mudará.

A semente, a raiz bem cuidada, é garantia das mil primaveras que a língua tem de viver.

BIBLIOGRAFIA

- (2023). *Aprender na língua própria. Das escolas de Insño Galego à Semente. Aqueladas Cooperativa*. <https://www.youtube.com/watch?v=gLiRwELfTmk>
- CASAL, IOLANDA. (2024). "O PP non promove a cultura do esforzo, promove a competencia" Antia Cal. *Revista Luzes*, Nº.4, 2024, pp. 73-80.
- XUNTA DE GALICIA. (2010). Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. *Diario Oficial de Galicia (DOG)*, núm. 97, de 25 de maio de 2010.

Propostas para atallar a emerxencia lingüística nas etapas educa- tivas iniciais:

o retorno á inmersión

Conclusions do grupo de traballo que debateu a partir do relatorio de Natalia Cea, recollidas pola súa moderadora, Begoña García Pichel

Dunha primeira análise do texto destacamos os puntos:

› A etapa de Educación Infantil coma unha etapa esencial no sistema educativo, aínda así esquecida polo mesmo sistema educativo.

› En canto á lexislación:

- » O biligüismo harmónico non é real
- » Coa chegada do Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza a lingua galega perde presenza significativa no sistema educativo.
- » A anulación dos artigos 5.2 e o 12.3 de dito Decreto polo TSXG, en 2012.

› A necesidade de dotar as crianzas de ferramentas para convertérense en individuos críticos.

› Que podemos facer nós?

- » Proporcionar modelos lingüísticos baseados na autoestima lingüística.
- » Autoorganización (creando materiais, redes de apoio...)
- » Implicación non anecdótica dos EDLG
- » Aprendizaxe doutros contextos

Logo do debate, atopamos as seguintes necesidades:

1º Visibilización clara da normativa vixente: referímonos aquí aos artigos 5.2 e 12.3 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Ditos artigos foron anulados por sentenza do TSXG en 2012.

2º Unir lingua e cultura dende a formación do profesorado (sen caer no folclórico) dende as universidades e durante a formación permanente de dito profesorado.

3º Na relación coas familias: necesidade de informar e formar ás familias da necesidade da inclusión da lingua galega no ensino, recalando a importancia que isto conleva para o desenvolvemento lingüístico das crianzas.

4º Poñer en valor a etapa de 0 a 3 anos, utilizando o modelo de Preescolar na casa como referente.

5º A través dos Consellos Escolares dos centros, buscar tamén a normalización en espazos non formais, actividades extraescolares, espazos de lecer en xeral...

6º Respetar o dereito das familias a poder escolarizar aos seus fillos e fillas en galego.

7º Valorar a volta aos programas de inmersión lingüística en galego, que garanta a adquisición das competencias lingüísticas. Todas sabemos que o castelán é imposible de non o aprender.

8º Necesidade dunha avaliación do cumprimento da normativa e da adquisición das competencias lingüísticas desde cada centro educativo.

Recuperar o galego nos patios: un novo modelo de Educación Lingüística na Educación Infantil e Primaria

→ MANUEL BRAGADO

é editor, mestre e activista cultural. Foi director de Edicións Xerais de Galicia entre 1994-2018. Exerceu como o orientador en distintos CEIP.

A versión completa deste relatorio, que excedía os límites da revista, pódese consultar en steg.gal

Esquema-guión dunhas conclusións para o debate:

A. A promoción do galego a condición de lingua normalizada, superando a súa condición de sociolecto asociado ás clases precapitalistas e rurais, revelouse nas últimas catro décadas unha tarefa complexa, incapaz de impedir o proceso de substitución lingüística polo castelán, cuxa porcentaxe de falantes nesta segunda década de 2000 xa supera o de galegofalantes.

B. As políticas públicas integrais de normalización lingüística continúan sendo no caso galego imprescindibles e urxentes, superando as iniciativas sectoriais de fomento de uso da lingua, por voluntariosas e anovadoras que estas fosen. A elaboración dun novo Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2026-2036), coa participación das entidades socioeducativas e instancias académicas, acordado entre as forzas políticas, merece unha oportunidade.

C. A cerna do debate social e político sobre o futuro do galego establécese no contraste de posicións sobre o modelo de Educación Lingüística (EL) entre o discurso normalizador de adquisición por parte de todo o alumnado de igual competencia oral e escrita nas dúas linguas oficiais e a doutrina da liberdade lingüística (recollida como «imposición del gallego»), que considera que nunha sociedade bilingüe a escolla da lingua é unha liberdade individual.

D. Neste debate sobre o modelo de Educación Lingüística (EL) inflúen tamén e de forma decisiva a persistencia da cultura diglósica e a reactivación de antigos e arraigados prexuízos contra o galego e os seus falantes.

E. No caso do galego, o papel lingüístico da escola continúa sendo de particular importancia, tanto pola súa responsabilidade na adquisición das competencias contempladas no currículo do ensino obrigatorio, sexan a

de comunicación lingüística como a plurilingüe, como tamén pola súa capacidade decisiva para desmontar prexuízos negativos ou pola súa transcendencia nos procesos de socialización externa, dende idades temperás.

F. As porcentaxes tan fracas de uso e coñecemento do galego por parte dos escolares entre 5 e 14 anos, onde o galego queda reducido a lingua residual, obrigan a que os modelos de Educación Lingüística (EL) atendan tanto a aprendizaxe da lingua como a entender os diversos discursos actitudinais da rapazada (o normalizador, o castelanizador, o tolerante, o afectivo e o utilitario).

G. A elaboración dun novo modelo de EL, no marco dun novo Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, debe partir da avaliación dos resultados do decreto 79/2010 de Plurilingüismo e da toma en consideración das recomendacións vinculantes do 5º e 6º informes da Comisión de Expertos/as da Carta Europea das linguas, no que atinxe a limitar a presenza do galego a un máximo do 50 %, cando non do 33 % nos centros plurilingües; a eliminar as limitacións que impiden utilizar o galego como lingua vehicular en materias STEM; e a garantir que o ensino en galego estea dispoñible en todos os niveis apropiados, o que suporía establecer unha liña de ensino en lingua galega desde a EI á Universidade, recuperando así unha posibilidade contemplada no decreto 124/2007.

H. No novo modelo de EL, cuxa elaboración obriga a un debate complexo na comunidade educativa, no que deben ser chamados a participar tanto o profesorado, por medio da representación sindical, os MRPs e entidades sociolingüísticas, como as AMPAS, será determinante a decisión que se adopte sobre o uso das linguas oficiais e as estranxeiras nas etapas educativas iniciais de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria. Nesta tarefa axudará contrastar cos modelos utilizados con éxito noutros países con linguas en contacto e cos diversos perfís sociolingüísticos de aulas e centros.

I. No novo modelo de EL nos centros de EI e EP podería establecerse con carácter xeral a utilización do galego como lingua vehicular de todas as actividades complementarias e de socialización secundaria (deportivas, clubs de ciencias e lectura, teatro...), así como dos programas de madrugadores, de comedor e das colonias de verán, se as houber.

K. Outrosí sucedería coa utilización preferente do galego nas comunicacións internas e externas dos centros, titoría e formación de familias, funcionamento de Departamento de Orientación, sinalética do centro...

L. O novo modelo de EL nos centros non universitarios pasa pola renovación do compromiso galeguizador do profesorado e a utilización preferente do galego no desempeño da titoría, participación en claustros, informes de ava-

liación, actas de reunións, programacións didácticas...

M. En todo caso, o novo modelo de EL ten que establecer un marco normativo máis favorable para o galego que o actual, unha mellora significativa na formación do profesorado na xestión da competencia plurilingüe e na didáctica das linguas cun enfoque comunicativo (dándolle prioridade a oralidade, a lectura e a composición) ao tempo que un discurso público que poña o acento no valor do idioma propio.

N. O novo modelo de EL, especialmente no 2º e 3º ciclo de EP, debe ter en conta non só o peso relativo das linguas vehiculares — cantas horas e que materias atribuír ao galego e ao castelán? — (cuestión importante, que até agora constituíu a cerna do debate), como tamén os usos lingüísticos nos ámbitos para- escolares (recreos, biblioteca, transporte, merendas saudables...) e nas relacións informais entre pares.

O. O novo modelo de EL na EI e na EP debe contemplar que a utilización da lingua inglesa se limitará as horas da materia, na que se empregará un enfoque comunicativo. Outrosí debe suceder coa introdución do portugués, dende o 1º ciclo de EP, co status de «lingua familiar» e cun enfoque netamente de competencia plurilingüe. Os centros educativos deben facer efectiva a Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, contando co apoio do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade.

P. A precaria e á vez complexa situación do galego na poboación escolar obriga a botar man da investigación sociolingüística para avanzar na comprensión dos mecanismos sociais, psicolóxicos e culturais que entran en xogo na confrontación das prácticas lingüísticas da mocidade, o que esixe destinar recursos á investigación destas cuestións e estreitar as colaboracións interdisciplinares.



Se queremos unha Galicia bilingüe non queda outra que insistir en demandar máis monolingüismo en galego en todos os ámbitos



[Fernando Ramallo, 2023:
Que pasa co galego?]

Q. O novo modelo de EL debe ter en conta o proceso de hibridación dixital da lectura e da escritura en ambas linguas oficiais de xeito que se acaden logros suficientes dende o 2º ciclo de EP, cando se consolidan a escritura e lectura autónomas, utilizadas tamén de forma vehicular. Particular interese ten vincular no eido educativo o uso galego co audiovisual, as redes sociais e, en xeral, coa utilización das utilidades hipertextuais, outro dos ámbitos onde a exposición continúa sendo escasa.

R. O desenvolvemento do novo modelo de EL require de materiais didácticos (impresos e dixitais) en lingua galega suficientes e diversos en todas as áreas e niveis, o que obriga a desenvolver un novo catálogo educativo galego. A colaboración co sector editorial galego privado e o fomento de grupos de traballo do profesorado que preparen secuencias didácticas completas poden axudar neste proxecto. Outrosí sucede coas utilidades da Intelixencia Artificial (tradución automática, asistencia á escritura, procesamento da linguaxe oral, entre outras).

S. O novo modelo de EL alícézase sobre o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC), concretado, no caso da EP, para cada ciclo, onde figura a distribución horaria das linguas vehiculares (galego e castelán) por áreas do currículo e actividades paraescolares. Elaborado polo Equipo de Normalización (paga a pena recuperar o nome acuñado

do no decreto 124/2007) o PLC debería ser aprobado polo claustro no marco do seu Plan Xeral Anual.

T. O novo modelo de EL debe ter un enfoque emocional, aproveitando a neuroplasticidade cerebral que facilita en idades temperás a aprendizaxe á vez de dúas linguas, o que mellora o rendemento nalgunhas tarefas de control executivo. Estratexia moi valiosa no 2º ciclo de EL e 1º de EP, o que debería implicar a participación do Departamento de Orientación e aos programas de benestar.

U. O novo modelo de EL debe ter presenza no Plan Lector do centro e nos fondos bibliográficos e recursos didácticos da biblioteca escolar, concibida como obradoiro comunicacional de acceso á información impresa e hipertextual.

V. O novo modelo de EL debe contar con alicientes que faciliten o aumento do neofalantismo, da lectura en galego e, en xeral, no uso do galego nos entornos familiares e extraescolares (sanidade, biblioteca pública, ludoteca, clubs deportivos...)

W. O novo modelo de EL debería proporcionar axuda a política lingüística familiar, sobre todo a daquelas familias que deciden impulsar o galego entre os seus descendentes.

X. O novo modelo de EL debería contemplar medidas de inclusión que superasen o modelo actual de exención por dous cursos e facilitasen a acollida lingüística (nas linguas cooficiais) a poboación escolar inmigrante, superando prexuízos

e salientando a utilidade de ambas as dúas.

Z. A elaboración do novo modelo de EL obriga a dotar a todos os nosos argumentos de realismo, rigor e empatía, conscientes que constitúe a cerna das políticas normalizadoras do galego no resto dos ámbitos.

BIBLIOGRAFÍA

- Bragado Rodríguez, Manuel (2024): «A doutrina 79/2010», Luzes 134.
- Loredó, Xaquín e Vázquez Grandío, Gabino (2022): «A lingua galega no sistema educativo. Impacto nas competencias, prácticas e actitudes do alumnado», Grial 233.
- Mariño, Xurxo (2020): Unha mente que voa. Unha mirada á evolución da linguaxe. Xerais.
- Monteagudo, Henrique (2022): «Sobre o réxime de linguas en Galicia. Imponer a liberdade», Grial 233.
- Nova Escola Galega (2025): «A urxencia de mudar o rumbo do galego», NEG opina.
- RAG (2024): «Declaración institucional da Real Academia Galega a un pacto pola lingua».
- RAG. Sección de Lingua. Seminario de Sociolingüística (2024): Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023.
- Ramallo, Fernando (2022): «A Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias. Compromisos e incumprimentos», Grial 233.
- Ramallo, Fernando (2023): Que pasa co galego? 32 preguntas sobre a situación social da lingua. Xerais.
- Rodríguez Osorio, Xosé Guillermo; Villapol Salgado, Sonia (2022): «Beneficios do bilingüismo no cerebro infantil», Grial 233.

Recuperar o galego nos patios:

un novo modelo de Educación Lingüística na Educación Infantil e Primaria

Conclusións do grupo de traballo moderado por Lois Pérez a partir do relatorio de Manuel Bragado.

O noso grupo de traballo propón á Asemblea:

1. A socialización íntegra do texto do compañeiro Manuel Bragado aos restantes grupos de traballo e ao sindicato, facendo fincapé nas conclusións recollidas no pto. 2 de dito texto, das que queremos dar lectura pública -por gardar relación con algúns dos puntos do decálogo que vimos de desenvolver-, concretamente dos puntos I, L, N e T.

2. No plano estritamente educativo dentro do horario lectivo, este grupo de traballo propón levar adiante as titorías de aula en galego,

incidindo no trato coas familias, no uso da lingua propia, tamén como facilitadora -estratexia discursiva-, da aprendizaxe da lingua estranxeira.

3. Recomendamos aprobar nos proxectos lingüísticos de centro e nos documentos de rango ou corte similar, a necesidade ou requisito de contratar actividades complementarias (contacontos, faladoiros, obra doiros, saídas didácticas...) en lingua galega.

4. De igual xeito, recomendamos idéntico requisito para as actividades extraescolares, promovendo a este respecto, o entendemento coas ANPAS, naqueles casos onde este apartado dependa delas.

5. Recoméndase seguir idéntico criterio en todas as actividades dependentes da Biblioteca Escolar en estreita colaboración cos Equipos de Normalización Lingüística.

6. Recoméndase avanzar na implementación de medidas de normalización nos patios como 'espazos de oportunidade'. A este respecto, propón a recuperación de xogos populares de cordas e gomas cantados, acompañados con tarxetas explicativas e material que se xulgue pertinente.

7. Recoméndase a este mesmo respecto, incidir no papel da música para incidir na apertura de espazos dentro do centro para a escoita e o baile de música en galego, constituíndo fonotecas alí onde non as houber, aproveitando este elemento fundamental de socialización na lingua propia.

8. Recoméndase a implantación, con carácter xeral, de lecturas ou narracións interciclos durante os recreos, con amadriñamentos ou fórmula similar a través da lingua galega.

9. No plano sindical, este grupo de traballo propón que o sindicato, a través da súa pertenza aos Consellos Escolares Municipais, estableza como requisito nos pregos de condicións dos comedores escolares de xestión indirecta dependentes dos Concellos, o uso da lingua galega.

10. O uso ou adquisición prioritaria de radios escolares, alí onde non estean, como elemento fundamental na socialización da lingua galega.

11. Recoméndase artellar como mellor xulgue este sindicato, a partir destas propostas, aquelas campañas e alianzas con outros axentes socioeducativos, movementos cívicos ou de renovación pedagóxica, sindicatos, etc...



A arte de razoar comezou coas linguas



[Xurxo Mariño (2020):
Unha mente que voa?]

aulas
libres

1
5

assemblea pola lingua

Adolescencia, lingua, profesorado:

somos equipo?

→ MIGUEL
RODRÍGUEZ
CARNOTA

*Doutor en Educación e presidente
da asociación cultural Roxín Roxal*

Comezar polo final é ás veces un bo xeito de encetar as cousas. Ante a diáfana pregunta que abre este escrito, cabe unha resposta lóxica: se non o somos, deberíamos selo. Mais... que é ser equipo? E, sobre todo, para que?

Situémonos na realidade cotiá das nosas escolas. As e os ensinantes non o temos dado para formar equipo cos nosos alumnos e alumnas. O noso sistema educativo, sobre todo no ensino secundario, posúe unha organización complicada, incómoda, secuenciada por materias, con horarios ríxidos, frecuentemente inzada de contidos puramente memorísticos, baleiros, pouco útiles e baseados en escasas destrezas. En xeral, os nosos institutos son lugares pouco propicios para comunicación creadora entre alumnado e profesorado.¹ Mais para unha boa ensinante sempre hai portas abertas.

O terceiro espazo

E unha desas portas poden ser os Equipos de Normalización Lingüística.² Con todas as súas limitacións, os ELN poden ser instrumentos moi útiles para crear vínculos de comunicación, de aprendizaxe conxunta e creativa entre profesorado e alumnado. Chamémoslle terceiro espazo a ese lugar de encontro onde se conectan e interrelacionan os discursos da escola (pri-

meiro espazo) e os da experiencia persoal do alumnado (segundo espazo). E non só a experiencia que traen da casa, da rúa ou da aldea, senón tamén a do patio de xogos, compoñente indispensable do currículo oculto da institución.³ Un terceiro espazo é un lugar onde o discurso que se xera e a acción que se desenvolve poden ser extraordinariamente ricos e produtivos.

Recollo por poderosa expresión “terceiro espazo” da bibliografía anglosaxoa onde se aplica a experiencias de aprendizaxe conxunta, normalmente con alumnado inmigrante como protagonista.⁴ De todos xeitos, moitos anos antes e en Europa, a obra do mestre Célestin Freinet (1896 – 1966) xa nos ilustrara, dun xeito ben completo, entendíbel e que une teoría e práctica, sobre esta filosofía escolar en continua evolución, aínda non superada.⁵

Existen na Galiza exemplos sobranceiros de terceiros espazos criados nas escolas e ben produtivos, moitos deles saídos dos ENL. Os 21 días en Galego comezados no IES da Pobra, as iniciativas do IES Marco do Cambalhom en Vila de Cruces, as experiencias radiofónicas do IES Perdouro de Burela ou a multipremiada iniciativa de Ponte nas Ondas son fitos que nos amo-

san moito do bo que se pode facer dentro da actual sistema. Dúas destas sobranceiras experiencias están, curiosamente, baseadas en programas de radio.

O ENL, ZONA SEGURA

Poñémonos na pel dun ou dunha adolescente cun problema de integración social debido á súa singularidade, ben sexa afectivo-sexual, étnica ou lingüística. En contextos desfavorábeis ou hostís as persoas, adolescentes ou non, tendemos a desenvolver unha serie de estratexias para xestionar o noso estigma⁶ e facer a vida máis levadeira no contexto social que nos tocou vivir.

Unha desas estratexias é o encubrimento total ou parcial.⁷ Un adolescente LGTB+ saberá ben onde e con quen demostrarse como é e onde non facelo. Recoñecido e non contestado o uso normal da lingua galega como estigma,⁸ unha adolescente galegofalante en situación de singularidade e en contexto hostil normalmente fará o mesmo: saberá onde falar galego e onde mudar de lingua.⁹

Outra das estratexias é o refuxio en lugares seguros, pequenos espazos antihexemónicos onde o encubrimento non é necesario e onde se poden desenvolver libremente os sinais de identidade que caracterizan o grupo.¹⁰ Ade-

mais, os lugares seguros están concibidos como espazos de reflexión e acción onde se xestan e programan estratexias de muda social.

Á par de lugares seguros que se poden crear fóra do ambiente escolar (colectivos, clubs, asociacións...), ao funcionaren como espazos internos onde o uso do galego como lingua normal non está penalizado socialmente, existen evidencias de que os Equipos de Normalización funcionan, para alumnas e alumnos galegofalantes, como laboratorios lingüísticos dentro dos maioritariamente castelaniados institutos galegos.¹¹ Son lugares onde a biografía lingüística do alumnado asoma sen trabas, chea de situacións vitais —moitas delas dolorosamente significativas— sobre as que reflexionar en conxunto.

QUE FACER?

Actuar. Formar un terceiro espazo creativo no lugar seguro do instituto e camiñar. Non nos enganemos: para exercer este labor o ensinante debe dispor de dous requisitos imprescindibles: paixón e tempo. O primeiro é inherente ao oficio de ensinante. Sobre o segundo podemos mentalizarnos de que precisaremos tempo extra, moito ou pouco, para lle dedicar ao labor.

Os campos de acción e os proxectos nos que nos embarquemos poden ser múltiples e non necesariamente saídos da iniciativa do ou da profe. Creo que a proxección externa da actividade que emprendamos é moi recomendábel.

Non é o mesmo ensaiar a obra de teatro do Días das Letras ou organizar o concurso de microrrelatos para consumo interno do instituto (proxectos, ao mesmo tempo, tamén moi necesarios) como deseñar actividades que teñan resonancia social fóra do centro de ensino. Poñamos en práctica todo o potencial do que estivermos dotados, as nosas capacidades de lideranza, artísticas, comunicativas ou o que for, e a camiñar.

Polas capacidades comunicativas e lingüísticas que implica e pola súa proxección externa, o mundo da radio é un campo moi acaído para encetar experiencias no terceiro espazo. Por forza o alumnado terá que utilizar oralmente a lingua galega para se comunicar coa audiencia que escoite os podcasts. A radio é capaz de entusiasmar, de provocar o interese por mundos diversos relacionados con calquera campo: a literatura, o deporte, o teatro, o cinema, a investigación do medio e un longo etcétera.¹² Sei da existencia do proxecto Radio na biblio, mais non teño a experiencia de traballar con el. Xa me contaredes, porque eu, sobre todo, veño aquí a aprender.

NOTAS:

1. Esta afirmación, por si soa, podería dar lugar a un debate de horas entre ensinantes. É, porén, unha das ideas que mais claramente defendo despois de decenios dedicado ao ensino.
2. Reivindico a denominación de Equipos de Normalización Lingüística, confiando en que

algún día as augas volvan á súa canle e se recoñeza a todos os niveis a necesidade da normalización da lingua.

3. Véxase Torres (1994)
4. Por exemplo, Gutiérrez (2008).
5. O profesor Antón Costa traduciu recentemente ao galego unha das obras cume do mestre provenzal (Freinet, 2019). Ademais, un recente filme baseado nun feito real, *El maestro que prometió el mar*, revisita o labor dos mestres freinetianos durante a República e o seu tráxico final (Font, 2023).

BIBLIOGRAFÍA

- Canagarajah, A. S. (1997). *Safe Houses in the Contact Zone: Coping Strategies of African-American Students in the Academy*. *College Composition and Communication*, 48(2), 173-196. JSTOR. <https://doi.org/10.2307/358665>
- Font, P. (Directora). (2023). *El maestro que prometió el mar* [Filme].
- Formoso Gosende, V. (2013). Do estigma á estima. *Propostas para un novo discurso lingüístico*. Xerais.
- Freinet, C. (2019). *Técnicas Freinet da escola moderna* (A. Costa Rico, Trad.). Kalandraka.
- Goffman, E. (1963). *Estigma, la identidad deteriorada*. Amorrortu.
- Gutierrez, K. (2008). *Developing Sociocritical Literacy in the Third Space*. *Reading Research Quarterly - READ RES QUART*, 43. <https://doi.org/10.1598/RRQ.43.2.3>
- Renfrow, D. G. (2004). *A Cartography of Passing in Everyday Life*. *Symbolic Interaction*, 4(27), 485-506.
- Rodríguez Carnota, M. (2022). *Lingua, poder e adolescencia*. Xerais.
- Torres, J. (1994). *El currículum oculto*. Morata.

18 Os Equipos de Normalización funcionan como laboratorios lingüísticos dentro dos castelanizados institutos galegos

Adolescencia, lingua, profesorado: **somos equipo?**

Conclusións do grupo de traballo moderado por **Valentina Formoso** a partir do relatorio de **Miguel Rodríguez Carnota**

Despois de debater durante unha hora e media sobre a situación no ámbito da secundaria e da FP, nomeadamente centrándonos nos Equipos (de normalización e dinamización) da lingua galega para o que nos deu a partida o texto de Miguel R. Carnota, chegamos ás seguintes conclusións:

Compre revitalizar os Equipos de «normalización» e dinamización da lingua galega, comezando por rescatar do esquecemento o seu nome real, nome que manifesta un

obxectivo que ten que estar sempre na mira. Da man dos Equipos débese:

› Empoderar o alumnado galegofalante alí onde o haxa, en menor ou maior medida, e crear espazos para el.

› Os Equipos deben converterse nese “terceiro espazo”, que vén sendo un espazo de acollida, mais de todas as culturas, pero tendo coida-

do de non convertelo en gueto, evitando que os Equipos se convertan en grupos pechados. Cómpre integrar para o que é necesario tamén revitalizar o concepto de “plurilingüismo inclusivo” e impulsar o TIL (Tratamento integrado de linguas). Apréndese desde o galego e é a partir da lingua propia cando se deben aprender outras, desenvolvendo realmente competencias plurilingües. En relación con isto apuntouse a importancia de elaborar os PLC (Proxectos Lingüísticos de centro) de xeito serio, funcional e eficiente, con modelos participativos que se elaboren anualmente (porque os centros mudan cada ano) e que sexan moito máis ca un documento no que se distribúen horas de galego e castelán nas diferentes materias. Deben ser modelos de boas prácticas normalizadoras para cada centro.

› Os Equipos teñen que funcionar como espazo de escoita de toda a comunidade educativa, pertenza ou non ao ENDLG. Cómpre escoitar a todas as persoas pero púxose o foco en:

» Escoitar o alumnado e saber que lle gusta, que precisa e colaborar con el para crear actividades modernas, que teñan obxectivos claros



e que sexan avaliadas.

» Escoitar o profesorado, moito del con inseguridades e falta de impulso para o uso do galego, profesorado que debe saber que é modelo e para o que debe haber formación. Déctase falta de competencia en profesorado novo que xa non tivo o galego como lingua de seu e tampouco tivo formación académica abonda nesta lingua. Hai deficiencias na formación non universitaria, na universitaria e tamén cando se preparan as oposicións ao corpo. Existe moito profesorado con inseguridades, presións e certo medo polas súas prácticas lingüísticas e polas do seu arredor. Cómpre apoiar o profesorado que cumpre coa lexislación e dá aulas en galego en territorios moi hostís, cómpre axudar o profesorado que usa a lingua por un compromiso firme con ela e que recibe continuamente presións. Cómpren ferramentas para que o profesorado que ten obriga de empregar o galego e non o fai, mude a súa actitude.

Cómpre crear espazos e plataformas para compartir experiencias. Precisamos saber que non estamos sós e soas no camiño. Precisamos de lugares onde atopármolos, dialogar e facer grupo. Precisamos coordinación e precisamos axuda daquelas institucións que teñen como finalidade a normalización da lingua galega. Pídeselle á SX-PL, Servizos de normalización de concellos, deputacións..., ou calquera entidade dedicada á promoción da lingua galega que creen estes espazos demandados.

Gustaríanos aumentar a conexión entre centros próximos co alumnado como protagonista e alguén tería que facilitar o labor.

Cómpre abrir os centros ao exterior e, sobre todo, ás familias para que vexan os nosos proxectos e entendan o noso traballo, servíndonos así tamén de estímulo ao profesorado máis pasivo.

Cómpre facer mudanzas lexislativas que axuden tanto ao alumnado galegofalante que se sente acosado dentro do sistema, coma a migrantes que se achegan á nosa comunidade sen prexuízos e acaban instalados no imaxinario negativo arredor do galego. Daquela habería que:

» Eliminar a exención en lingua galega para este alumnado, e ao tempo elaborar un plan de incorporación en galego porque neste momento a adquisición de linguas só se está a facer en castelán, mesmo para o alumnado que chega de países lusófonos.

» Elaborar un protocolo para protexer do acoso o alumnado galegofalante, xa que hai centros nos que vive nun apartheid lingüístico. Do mesmo xeito que hai protocolo de atención a moitas outras diversi-



dade que están atendidas (TDH, dislexias, acosos, tendencias suicidas...) tamén debería haber un protocolo específico para atender ese alumnado que sofre acoso por falar galego.

Pechamos con dúas palabras que Miguel R. Carnota considerou claves ao presentar o traballo dos equipos de normalización: paixón e tempo. Todas as persoas que estamos no ámbito educativo e estamos preocupadas polo futuro da lingua debemos reflexionar en que podemos poñer a nosa paixón e o noso tempo nos centros educativos para axudar a mudar a situación. E logo poñerse á acción, porque... non hai peor desgaste ca o que leva por diante a esperanza...

O STEG debe contribuír ao debate sobre o futuro da lingua galega con múltiples achegas, que sen dúbida serán abordadas e sintetizadas nesta xornada. Unha delas, se cadra unha das máis relevantes, consiste en impregnar os foros onde participemos dunha actitude de concordia e conciliación, pois é fundamental neste contexto que se chegue a unha estratexia de país compartida por amplos sectores, ao invés de asistirmos a (mais) un combate de estratexias faccionais coa lingua como campo de batalla.

1. ACERTAR NO DIAGNÓSTICO

Para conseguir combater a crise que afecta ao galego, é condición necesaria acertar na identificación do problema. Neste sentido, non hai como negar que estamos diante dun proceso de substitución lingüística.

Asumir este diagnóstico significa que sómente os sectores defensores do monolingüismo en castelán fican excluídos das marxes do acordo, dado que todos os demais –independentemente das lexitimas diferenzas– consideramos que o camiño que leva á perda do galego e á implantación dun escenario de monolingüismo en castelán sería un fracaso colectivo como sociedade.

Cómpre, polo tanto, asumir que nos atopamos perante unha situación de emerxencia e que –se non actuamos de maneira rápida, decidida e consensual– poderá ser irreversible.

Isto non implica que ningún teña que renunciar aos seus discursos pasados, senón

O portugués como elemento normalizador do galego: cinco elementos para o diálogo e a procura de acordos

→ FILIPE DIEZ

é profesor de lingua e literatura galega e de portugués.

simplemente actualízaos. Por pór un exemplo moi evidente: os defensores do 'bilingüismo cordial' poden facer a transición dicindo que queren que siga a haber bilingüismo, e que para iso fai falta preservar o galego; que a cordialidade é unha actitude da sociedade galega que se manterá como sinal de identidade; e que desde esa cordialidade se potenciará a recuperación da lingua propia.

Non se trata de pasar facturas nin de axustar contas, senón de proporcionar un punto de encontro ao cal toda a xente poida chegar seguindo o seu propio percorrido.

2. O GALEGO COMO LINGUA INTERNACIONAL

Aínda que sería desexable contar con datos pormenorizados sobre as causas do avance, durante as últimas décadas, no proceso de substitución do galego polo castelán, parece evidente e non debe xerar disputas que un dos principais factores dese declive decorre da competencia establecida entre o galego, visto por am-

plas camadas da poboación como unha lingua rexional, rural e avellentada, pouco útil e de alcance limitado; e o castelán, percibida maioritariamente como unha lingua de prestixio internacional, apta para os retos da contemporaneidade, necesaria e de dimensión global.

A introdución do inglés na ecuación, co discurso de promoción do plurilingüismo como coartada, só contribuíu a agravar esa situación, deixando o galego no cantión das reliquias e promovendo a sensación de que todos os esforzos que se lle dediquen irán en detrimento doutras linguas e saberes máis útiles e necesarios.

A pesar de que esa estratexia teña funcionado socialmente, afortunadamente parte dun presuposto falso, o que nos concede unha oportunidade de reverter a situación. Ese presuposto falso é que o galego non é só a nosa lingua propia, a que surtiu na nosa terra e forma parte inseparable da nosa identidade, a que dá nome aos nosos lugares e a moitas realidades

–obxectivas e subxectivas– que a duras penas sabemos traducir para calquera outra lingua. É que, ademais de todas esas cousas e de moitas máis que poderíamos engadir, o galego é tamén unha lingua internacional.

De feito, o pobo galego é un dos pouquisimos (pouquísimos, mesmo: sobran os dedos e dunha man para contalos) nos cales a inmensa maioría da poboación domina desde a infancia dúas linguas internacionais, por faceren ambas parte do entorno social. Temos un verdadeiro tesouro e non ten sentido continuar a desprezalo: para preservar esa riqueza que nos torna únicos no mundo, é imprescindible preservar o galego e non só, senón tamén ollalo como o que verdadeiramente é: unha lingua que por unha banda nos dá sentido como pobo, e que por outra nos permite ir polo mundo cun duplo pasaporte lingüístico. Por que limitarnos aos 543 millóns de hispanofalantes, se podemos chegar aos (543 + 293 =) 836 millóns de falantes que suman conxuntamente o español internacional e mais o galego internacional? O portugués non é importante para a afirmación da dimensión internacional do galego: é, ele próprio, a dimensión internacional do galego. Por iso mesmo, a promoción en Galicia da lusofonía, da lingua portuguesa e dos nosos vínculos con ese ámbito é crucial para a superación do actual estado de cousas.

Tres observacións iniciais antes de abordar algúns aspectos concretos do modo en

que o portugués pode contribuir para a recuperación do galego: (i) a lusofonía non debe ser enxergada unicamente como un concepto lingüístico, senón como un elemento transversal a todos os niveis, tamén como un ámbito xerador de oportunidades comerciais, económicas, educativas, diplomáticas, culturais, etc; (ii) en decorrenza do anterior, a promoción da lusofonía non debe ser exclusiva de ningún ámbito, pero a educación é sen dúbida o terreo privilexiado para o contacto con esa realidade e para a consolidación dunha percepción do galego como lingua internacional, extensa e útil; e (iii) débense dar pasos conxuntos, sen incidir en aspectos que teñen sido divisivos, como a cuestión ortográfica, que unha vez consolidada unha percepción social do galego como lingua internacional, terá o camiño abonado para facer a transición que se considere necesaria nese sentido –aínda que desde o STEG debemos apoiar que esa mudanza se faga máis cedo que tarde, pois os resultados da vía escollida hai case medio século saltan á vista e xa vai sendo tempo de mudar o que comprobadamente non funciona.

O portugués e a lusofonía deben ser un punto de encontro, non de confronto. E a unanimidade en torno da Lei Paz-Andrade é un bo exemplo de que tal é desexable e posible.

3. NON PARTIMOS DO NADA

Para construímos un futuro mellor, é bo contar con ali-

cerces xa consolidados, como é o caso da Lei Paz-Andrade (Lei nº 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía), que xa vai para once anos. Mas ao mesmo tempo, debemos reclamar que se dean pasos adiante, pois despois de todo ese tempo aínda non houbo nin un só decreto de desenvolvemento de dita lei.

Neste punto, é importante mostrar o apoio do STEG ao Proxecto de Decreto de desenvolvemento da Lei Paz-Andrade elaborado polas entidades promotoras da ILP, presentado aos grupos parlamentares e que recolleu unánimes eloxios de todos eles, pero non foi tido en consideración polo bloqueo da actual maioría parlamentaria.

Igualmente, no plano dos modelos lingüísticos que poden propiciar a recuperación do galego, o STEG debe reiterar o seu apoio á Proposta de Bases asinada en 2020 por diversas centrais sindicais e colectivos do ensino, na cal se deseñan escenarios realistas e posibles para mudar o actual cadro de estranxulamento do galego no noso sistema de ensino.

Chegados a este punto, é preciso pór os pingos nos is: calesquera que sexan os acordos que se acaden, teñen de ir acompañados dunha memoria de gasto. Pretender facer de conta que se cumpre, pero condicionando as medidas a que non teñan custo orzamental, é condenar á ausencia de resultados significativos. Fai falta investir diñeiro,

non só deixalo todo ao voluntarismo e a fogos de artifício ocasionais para tapar as mi-serias do día o día. Tendo en conta todo o que 'aforrou' o Go-berno galego nos últimos 15 anos cos cortes drásticos nas partidas de normalización, ben como todas as partidas de gas-to que non consegue execu-tar nos seus propios Orzamen-tos, sobran sitios onde ir bus-car os cartos, habendo vonta-de política de facelo.

4. CRITERIOS PARA MELLO-RAR A PRESENZA DO PORTU-GUÉS NO SISTEMA EDUCATIVO

Non se trata de facer un elen-co de medidas concretas, por-que iso corresponderá abor-dalo conxuntamente co resto de actores deste proceso de diálogo e porque en cada momento o Goberno galego debe contar cunha marxe de actuación que, dentro do con-senso xeral que se pretende, lle permita definir a súa pro-pia impronta.

Ademais, as medidas con-cretas para o ensino – e non só – xa están recollidas polo miúdo no Proxecto de Decre-to referido no punto anterior, para todo o tocante á luso-fonía; e na Proposta de Bases tamén aludida nese punto, no que di respecto aos modelos lingüísticos do ensino.

A nosa achega, neste pun-to, pretender ir polo tanto alén do detalle e propor algúns cri-terios de índole máis xeral que pensamos que poden contri-buír ao proceso de promoción e extensión do portugués no sistema educativo. Tais crite-rios son, entre outros posibles: (a) O ensino do portugués de-

be contar coas mesmas con-dicións, no mínimo, que as se-gundas linguas estranxeiras máis estendidas. Isto debe tra-ducirse nunha oferta xenerali-zada (previa consulta da de-manda) e na implementación e/ou extensión de programas de certificación, bolsas, in-tercambio e mobilidade aca-démica, incluíndo a negocia-ción para o establecemento de títulos con dupla validez tan-to no Bacharelato como na FP.

(b) A FP debe xogar un pa-pel cada vez máis central nas trocas académicas e laborais entre Galicia e Portugal, no-tadamente coa Rexión Norte.

Impulsar o ensino plurilin-güe en portugués e a mobili-dade transfronteiriza do estu-dantado galego de FP é un im-perativo da nosa realidade socioeconómica, caracteriza-da pola integración de merca-dos en múltiples sectores e por un fluxo laboral e financei-ro que fai de Portugal, de lon-xe, o noso principal investidor.

(c) Difundir a necesidade de estudar o portugués para ter un dominio da lingua que per-mita o seu uso en todos os con-textos, sobre todo os profesio-nais e laborais, mais tamén os culturais, de lacer e persoais.

Un galego sen castelanis-mos é un magnífico comezo para falar portugués, ao mes-mo tempo en que o propio portugués é unha axuda va-liosa para detectar (e eliminar, eventualmente) os castelanis-mos e para dignificar a valo-ración da lingua galega entre os e as falantes. Mais para ter un uso correcto do galego in-ternacional, o alumnado de-be facer un esforzo de saír da

zona de conforto proporcio-nada pola oralidade do gale-go e ir alén dela: unha nova pronuncia, sobre todo; e ta-mén un chisco de vocabula-rio e de formais verbais dife-rentes. É un pequeno investimento para un grande retorno, polo que vale moito a pena, e así debe serlle tran-smitido á nosa mocidade.

(d) O portugués no ensino ten un duplo efecto normali-zador sobre o alumnado. No caso do alumnado galegofa-lante, eleva a súa autoestima exponencialmente, libertán-doo do estigma de ser da al-dea ou de monte. No que tan-xe ao alumnado castelanfalante, quebra instantaneamente as barreiras da recusa a usar o galego, que pasa a ser visto como unha ferramenta facili-tadora e polo tanto útil.

A iso hai que sumarlle a proxección deses efectos tan-to ao ámbito doméstico dos e das estudantes canto ás súas relacións sociais.

(e) Débese manter e difun-dir unha perspectiva ampla da lusofonía, unha visión pluri-céntrica da lingua portugue-sa, unha aproximación dife-renciada ás diversas culturas que a compoñen e unha refe-rencia á CPLP como marco institucional de referencia, sen prexuízo de que a maioría das accións se propoñan coa Re-xión Norte de Portugal por mo-tivos de proximidade e de iden-tidade histórica e xeográfica.

5. UNHA NOTA SOBRE OS AXENTES DA MUDANZA

Debemos ser optimistas. De-bemos pular por un acordo, por un bo acordo capaz de



reverter o rumo das últimas décadas. E devemos confiar em que se chegue a um ponto de encontro que, sendo realista, sexa ao mesmo tempo ambicioso.

Para que ese acordo non naza fadado a ser motivo de conflito entre os sectores defensores do galego, como xa aconteceu no pasado, non se deben repetir erros en que noutrora se incorreu. Un destes erros sería a exclusión de calquera das partes, e percébase o risco de que a repentina — e en boa medida interesada — institucionalización do debate acabe marxinando o campo reintegracionista e axentes sociais que lle son próximos. É fundamental que entidades cunha longa traxectoria de loita pola normalización do galego e polo achegamento á lusofonía

teñan voz nos foros onde se debaten o futuro da lingua do país, os modelos de ensino ou a implementación de medidas que eses mesmos colectivos puxeron a andar, como a Lei Paz-Andrade.

Por último, séndomos optimistas e pensando nunha futura posta en práctica das medidas relativas ao ensino, non podemos deixar de pór de relevo o insubstituíble –pero tamén insuficiente– papel dos ENDLG. É importante manter esas estruturas, ou outras que veñan a ocupar ese lugar de xeito máis eficiente, pois teñen servido como polos aglutinadores dunha minoría activista capaz de executar algunhas accións que en ocasións implican todo o centro e mesmo o entorno social. Mais ao tempo, debemos ser conscien-

tes de que en moitos casos a indixencia financeira propiciada polas cicateiras axudas da Xunta ten reducido os ENDLG a unha especie de departamentos de actividades complementarias bis, sen capacidade material máis que para organizar algunha actividade relacionada coas datas máis sinaladas, porén sen incidencia real naquilo que o seu nome propón: nin conseguen dinamizar, nin moito menos normalizar. E non porque non queiran ou porque non saiban, senón porque non poden e non lles deixan.

Debemos esixir unha reformulación dos EDNLG, de xeito que se lles garanta un papel transversal no centro e un orzamento capaz de dinamizar a vida cultural do mesmo en galego e con calidade.

O portugués

como elemento normalizador do galego: cinco elementos para o diálogo e a procura de acordos

**Conclusións do grupo de traballo moderado por
Antia Cortiñas a partir do relatório de Filipe Díez**

NO GERAL

1. Exigir ao goberno da dotación de orçamentos concretos para a Lei 1/2014 de aproveitamento da lusofonia, a Lei de Normalización lingüística de 2004 ou o recém creado Observatorio da Lusofonia.

NO SECUNDÁRIO

2. Implementar a oferta de portugués como Primeira língua estrangeira (ple) e segunda língua estrangeira (ale) e establecer e consolidar os departamentos de portugués nos centros. Desenvolver decreto a partir da Proposta de Decreto Ensino Paz Andrade. Decreto XXX/2022, do XXXX de XXXX de 2022, polo que se regula a aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino de Galicia, elaborada polas asociacións DLP e ALP (pode consultarse en www.dpgaliza.org).
3. Usar todas as ferramentas legais posibles para continuar a introducir e

normalizar a lingua portuguesa no ensino galego: seccións bilingües, escolas plurilingües, furos e excepcións na lei de FP, como ple, como sle, através do projeto competencial... Aproveitar o decreto do plurilingüismo para isto.

4. Traballar para introducir e incutir a idea da visión internacional da lingua galega a nivel de discurso reforçando a idea de pertenza à Comunidade de Países de Língua Portuguesa (CPLP) através de diferentes accións como: formación do profesorado, aceptar diversidade e transversalidade da lingua nas EDL... Dar protagonismo à lingua portuguesa como porta aberta às oportunidades que ofrece a nivel internacional. E que o EDL e o TIL e os Projetos Lingüísticos de Centro implique a todos os departamentos no uso e tratamento da lingua galega e/ou portuguesa como veicular.

Flexibilización normativa.

5. Ir dotando de fondos em portugués as bibliotecas escolares: plambe, clubes de lectura, compras de departamentos...
6. Desenvolver programas de mobilidade escolar pondo à disposición um recurso técnico específico para o contacto e conexión entre escolas portuguesa e galegas, através, até, de instituições já existentes como a Eurorregião, a Comunidade de Trabalho Galiza Norte de Portugal (similares ao já existente Iacobus, mas para o secundário e primário), o Eixo Atlántico, etc... Exigir que igual que existe o programa específico EduFrance da Xunta exista um similar EduPortu.
7. Fazer campanhas de promoção e sensibilização para a posta em valor dessa parte do currículo da matéria de galego que fala da lusofonia, através de:
 - a. Formação de profesorado; aumento oferta de grupos de CALC em todos os níveis (do A2 até o C2) de lingua portuguesa
 - b. Propostas de currículos integrados de galego e portugués
 - c. Modelos de programacións conjuntas galego e portugués
 - d. Estabelecimento de propostas piloto em centros específicos onde o portugués tenha uma maior presenza real nas aulas de galego (talvez provar a inovação educativa de dedicar um ano da ESO,

aulas
libres

2
6

outros territórios



¿Qué ye de les llingües propies d'Asturies?

2
7

→ EL SECRETARIÁU DE NORMALIZACIÓN LLINGÜÍSTICA DEL SINDICATU SUATEA

L'Estatutu d'Autonomía de Asturias (1981) recueye nel so artículu 4:

Artículu 4.

1. El bable va gociar de protección. va promovesse'l so usu, el so espardimientu nos medios de comunicación y la so enseñanza, respetando sía que non les variantes locales y la voluntariedá nel so aprendizaxe.
2. Una llei del Principáu va regular la protección, usu y promoción del bable.

La llei de protección referida nel art.4.2 aprobóse en 1998 col nome de Llei d'usu y promoción del bable/asturianu. Esta llei recueye no relativo a la enseñanza nel so Artículu 10. Currículu.

1. Nel exerciciu de les sos competencies, el Principáu d'Asturies va garantizar la

enseñanza del bable/asturianu en tolos niveles y grados, respetando sicasí la voluntariedá del so aprendizaxe. Sía que non, el bable/asturianu tendrá de ser impartíu dientro del horariu escolar y va ser consideráu como materia integrante del currículu.

Esta mesma llei na so disposición adicional: *El gallego-asturiano va tener un tratamientu similar al asturianu no que se refier a protección, respetu, enseñanza, usu y tutela nel so ámbitu territorial.*

Sicasí, l'artículu 10.1 venía incumpléndose dende la so aprobación, pos na práctica namás s'ufiertaba la enseñanza de les nubes llingües na enseñanza Primaria, ESO y Bachilleratu. Gracias a la constante acción sindical del sindicatu SUATEA n'instancies alministratives y la vía xudi-



L'asturianu y
el gallego-
asturiano
tienen un
sofitu social
mayoritariu



cial algamóse'l compromisu, de parte de la Consejería d'Educación d'Asturies, d'ufiertar la so enseñanza nel segundu ciclu d'Educación Infantil pal cursu 2025/26, con una inversión pa contratación del profesoráu de daqué más de 5 millones d'euros. D'otramanera, dende l'añu 2020 vienen realizándose pruebes llibres p'adquirir certificaciones de competencia d'asturianu nel nivel B2 del Marcu Común Européu pa les Llingües (MCE-DL) y a partir del 2023 yá les hai del nivel C1. A partir del cursu 2025/2026, según anunció la consejera d'educación, ta previsto ufiertase la enseñanza del asturianu y el gallego-asturianu nes Escuelas Oficiales d'Idiomes. El problema d'estes certificaciones ye qu'al nun ser oficiales estes llingües tienen la consideración de certificación propia. Por o, magar cumplir con todos los criterios de certificación del MCE-DL nun tienen los mesmos efectos alministrativos que los del restu de llingües.

Nel ámbitu sociopolíticu SUATEA collabora coles organizaciones sociales y les instituciones que defenden la oficialidá de los nuevos idiomas, principalmente: Academia de la Llingua Asturiana, Xunta Pola Defensa de la Llingua Asturiana y Iniciativa pol Asturianu, participando y espublizando les sos convocatories y actos.

Anguaño, el gobiernu asturianu prometió llevar antes de finales de la llexislatura l'alderique de la oficialidá de les nubes llingües a la Xunta Xeneral. Primeramente va treslladalu

a los grupos políticos pal so discutiniu. Pa la so aprobación precísense 3/5 de los escaños de la cámara (27 diputaos de 45). Son favorables 23 (PSOE, IX-Convocatoria por Asturias, Covadonga Tomé del grupu mestu). Esta circunstancia fai necesario cuntar con siquier 3 votos del PP, amás d'otru del diputáu de Foro Asturias, situación que torga por agora algamar la oficialidá dada la posición contraria a ella amosada pol PP.

L'asturianu y el gallego-asturianu, anque nun son llingües oficiales, tienen un sofitu social mayoritariu, anque non abundu p'algamar el marcu llegal d'oficialidá. Asina vien amosándose nes últimes manifestaciones y nes últimes elecciones a la Xunta Xeneral con un 53 % de los votos a partíos favorables a la oficialidá.

D'otramanera, na III Encuesta sociollingüística, de mayu de 2017, casi dos de cada trés asturianos y asturianes (65%) cunten que la fala vernácula d'Asturies ye l'asturianu, bable o llingua asturiana.

Nesa mesma encuesta constátase un meyoru clara del asturianu como llingua pa la relación social. Anque'l castellán sigue siendo claramente la llingua preferente (ente'l 40% y el 56%) pa rellacionase, tanto nos círculos sociales primarios (hasta'l 50%) como secundarios (hasta'l 56%), evidénciase na última década y media la meyoru de la preferencia pol asturianu d'una manera clara y consistente.

Hai peques meyores na presencia social del asturianu na alministración xeneral

y nos conceyos, nos medios de comunicación (Radio Televisión del Principáu d'Asturies) y realizáronse yá les primeres pruebes y concediéronse títulos de competencia n'asturianu dientro del Marcu Européu Común de les Llingües nos niveles B2 y C1.

Nel sistema educativu cuntamos con más de 300 profesores d'asturianu y gallego-asturianu na enseñanza pública, la mayoría profesoráu interino contratao a media xornada (75%). Nun ta reconocida la especialidá de les nubes llingües. Habiliten al profesoráu pa la enseñanza del asturianu nestos momentos: un Minor en Llingua Asturina na facultá de filoloxía y una mención n'asturianu del grau de maestros. En gallego-asturiano: unos cursos entamaos pola Academia de la Llingua Asturiana.

Esti cursu 2024/2025 el númberu total d'alumnáu participante nestes enseñances na escuela pública supera los 23.000 escolinos y medra un 1,2% en comparanza col cursu anterior.

En resume, el panorama de normalización llingüística na educación ye desolador. Namás cola oficialidá vamos poder avanzar significativamente na promoción y caltenimientu del nuesu patrimoniu llingüísticu.

As familias valencianas escollen o valencià

→ SECRETARIADO NACIONAL DO STEPV

O Estatuto de Autonomía do País Valencià manifesta que o valenciano é a lingua propia do pobo valenciano e que, por este motivo, gozará dunha protección especial. Tristemente, cada ano as enquisas evidencian que diminúe a porcentaxe de persoas que a usan habitualmente. Pola contra, a dereita valenciana ve na nosa lingua unha mala herba que hai que erradicar. Tamén hai que ter en conta que unha parte das comarcas valencianas son castelán falantes. Todos estes ingredientes provocaron que o PP utilice a lingua só para dividir e sacar rédito electoral.

O novo conseller de Educación do PP, José Antonio Rovira, aos poucos meses de asumir o cargo, suprimiu a obrigatoriedade de impartir nas zonas castellanoparlantes algunha área troncal en valencià. Por se iso fose pouco, sacouse da manga a mal chamada Lei de "Liberdade Educativa" para que as familias elixisen a lingua base de cada centro educativo. Unha consulta tramposa e sen ningún aval pedagóxico. O seu único obxectivo era arrincornar o valenciano.

Desde que se anunciou a consulta, numerosos colectivos organizáronse para que a xente votase a favor do valenciano e creouse a plataforma "Famílies pel Valencià" e a Plataforma polo Ensino Público puxo en marcha a campaña "Tria en Valencià" (elixe en valenciano). STEPV uniuse á mobilización coa plataforma "Docents pel valencià" que tiña como obxectivo mobilizar ao profesorado.

Durante este proceso a Conselleria utilizou á inspección educativa para coaccionar ao colectivo docente e impedir que se posicionasen a favor do valenciano. Mesmo, nalgún centro educativo, chegaron a retirar carteis nos que se pedía o voto para o valenciano ou censurar actividades de promoción da lingua.

A consulta celebrouse entre o 24 de febreiro e o 5 de marzo cun resultado favorable ao valenciano. Globalmente, un 50'5% das familias elixiron valenciano (un 61'8% nos centros públicos). As porcentaxes incrementáronse exponencialmente nas comarcas valencianoparlantes (94'7% en l'Alt Maestrat, 93,2% en els

O goberno do pp puxera en marcha unha consulta para tratar de acantoar a nosa lingua no sistema educativo valenciano

Ports ou 87'6% no Comtat). O castelán impúxose, como era de esperar, nas case todas as comarcas castelánfalantes e nas grandes cidades (60% a Elx, 64% en València ou 83% en Alacant).

Desde o STEPV consideramos que a consulta só serviu para provocar malestar nos centros educativos e xerar artificialmente unha nova polémica sobre a lingua que, ademais, complicará a organización dos centros. Hai que ter en conta que a configuración lingüística das unidades en moitos centros será difícil de xestionar.

A experiencia de Ponte... Nas Ondas!

→ ASOCIACIÓN CULTURAL E PEDAGÓXICA
PONTE... NAS ONDAS

Ponte...nas ondas! está celebrando neste ano 2025 o seu 30 aniversario. Naceu no 1995 como un “experimento” de radio interescolar para tender pontes de comunicación entre galegos e portugueses, dous pobos que historicamente comparten unha mesma cultura inmaterial común que aínda hoxe permanece viva.

O “experimento” tivo tal repercusión e xa foi imparábel a celebración dunha xornada anual de radio, inicialmente, entre as dúas beiras do Miño e, despois, estendido a outros lugares. Ponte...nas ondas! foi a primeira experiencia en rede de radio escolar en Galicia e en Portugal nunha época en que o uso da radio escolar era marxinal nas aulas.

Ademais, a chegada de internet permitiu que a experiencia fixese as primeiras emisións de streaming xa no ano 1997.

A programación desenvolvida ao longo destas primeiras edicións evidenciou, no ámbito educativo, a existencia dun patrimonio compartido entre os dous lados da fronteira. Ese patrimonio cul-

tural inmaterial galego-portugués foi abordado por Ponte...nas ondas! dun xeito creativo e dinámico en Galicia e no Norte de Portugal. Ese traballo concreouse na presentación en 2004 da candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués á UNESCO, a primeira en ser promovida por centros educativos de dous países europeos.

Conscientes de que este patrimonio, polas súas características, é moito máis vulnerable que as manifestacións da cultura material, Ponte...nas ondas! foi desenvolvendo un modelo propio e realizando publicacións e edicións de audiovisuais arredor das manifestacións deste patrimonio.

Desde 2015, a asociación foi acreditada como ONG consultora para o Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI), a única entidade en Galicia en alcanzar este aval.

Proxectos propios como Meniños cantores (www.meninoscantores.com), Cores do Atlántico (www.coresdoatlantico.eu) ou Na ponte (www.naponte.com) colocan en diálogo pedagóxico a di-

versos ámbitos da cultura: o patrimonio, a radio, o audio-visual ou as Tics. Mesmo se crea o concepto do “radiovisual” para denominar a nova realidade dos podcasts e videopodcasts.

O MODELO

educación + medios de comunicación + tecnoloxías + patrimonio = Ponte...nas ondas!

EDUCACIÓN

No modelo PNO!, o alumnado é o protagonista co emprego da radio, do patrimonio cultural inmaterial, das Tics e das redes sociais. Ao longo de 30 anos, os centros educativos participantes demostraron que este traballo co PCI e as Tics foi un denominador común que consolidou un modelo, antes mesmo de que a Convención de Salvagarda do Patrimonio Inmaterial (2003) e antes de impulsar a reflexión sobre a integración do PCI nos programas educativos.

MEDIOS DE COMUNICACIÓN: A RADIO

Outro pilar fundamental foi a incorporación dos medios de comunicación co obxectivo de abrir as aulas á realidade que as rodea e, ao mesmo tempo, empoderar ao alumnado na práctica con estes medios. Ponte...nas ondas! promove contidos que garanten a inclusión, a diversidade lingüística e cultural na sociedade da información, axuda a coñecer as expresións do patrimonio inmaterial, crea contidos dixitais e divulga no ámbito educativo as manifestacións deste patrimonio. A radio escolar é un dos piares desta posta en práctica.

AS TICS

Ponte...nas ondas! xorde nun mundo analóxico, no momento en que as Tics se comezaban a incorporar ao proceso educativo. A aposta por Internet, polos podcasts en simultáneo coa radio analóxica,



Ponte...nas ondas! foi a primeira experiencia en rede de radio escolar en Galicia e en Portugal





como medio para reforzar a dimensión de PNO! levou á exploración de todas as súas posibilidades, desde a emisión de radio por internet en 1997 ata a difusión de traballos audiovisuais en plataformas dixitais como “Meniños Cantores” (www.meninoscantores.com).

O PATRIMONIO

Desde 2002, Ponte...nas ondas! introduce o concepto do PCI no contexto educativo e, en colaboración con antropólogos galegos e portugueses, identifica os grandes ámbitos do patrimonio inmaterial galego-portugués: as tradicións orais, os saberes tradicionais, o ciclo festivo anual, a cultura marítima e a cultura agraria. Este patrimonio, aínda vivo e presente na sociedade, e transmitido ás novas xeracións por portadores que acuden aos centros educativos para compartir os saberes cos máis xóvenes.

A BASE DO MODELO PONTE...NAS ONDAS!

Estamos diante dun modelo que xa vén funcionando nos centros educativos desde hai tres décadas e que a UNESCO inscribiu en 2022, a proposta de Portugal e España, como “modelo de boas prácticas co PCI”.

En Galicia, a Consellería de Educación está a comezar coa implantación da rede de centros co modelo Ponte...nas ondas! de boas prácticas co patrimonio cultural inmaterial galego-portugués, unha iniciativa que xa conta con 30 centros inscritos, que anualmente se irá convocando. Estes centros van contar con recursos, formación e difusión das súas prácticas.

En Portugal, o Ministerio de Educación acreditou a formación de profesorado no modelo Ponte...nas ondas! e os centros de formación de profesores comezaron a desenvolverla.

O 26 de marzo, Ponte...nas ondas! realiza unha retransmisión de celebración cun “radiovisual” a través do portal Escolas nas ondas (www.escolasnasondas.com) no que van participar máis de 65 centros educativos, portadores do PCI, artistas e músicos, nunha intensa programación desde as 10 h da mañá en simultáneo desde Lisboa, Valença do Minho, Vigo, Pontevedra, Santiago, Vimianzo, Ourense e Lugo.

INFO

www.pontenasondas.org
ondas@pontenasondas.org

PNO!
PONTE...NAS ONDAS!

 PATRIMONIO IMATERIAL
GALEGO-PORTUGUÉS

Abondan 21 Días para mudar os hábitos?

→ OLGA IGLESIAS DE LA FUENTE

Profesora de Lingua e Literatura Galega, foi coordinadora do proxecto 21 Días co galego e+ no IES Arcebispo Xelmírez I, no curso 2019-2020

Arrincaba o curso 2019 cando recibimos o convite da SX-PL para participar no programa 21 Días co Galego e+. A lingua foi sempre un dos sinais de identidade do Xelmírez I, polo que, malia as ratios elevadísimas, era difícil resistirse ao engado dun proxecto que requiría tempo e empeño, pero zumegaba ilusión.

Embarcámonos e ao despregar velas, co vento a favor do equipo directivo e a boa dispoñibilidade dalgúns docentes, decatámonos de que era posible sacalo das aulas de lingua galega e facelo medrar transversalmente; polo que o Xelmírez I se converteu en centro piloto dunha nova modalidade na

que 21 Días implicaba as distintas áreas do currículo.

Máis do 40% do noso alumnado tiña galego na casa, pero só o 13% o mantiña na aula. Cumpría accionar todos os resortes da Comunidade Educativa para implicar a máis de 600 alumnas/os.

Dende outubro traballamos arreo nos materiais que a organización demandaba, pero, sobre todo, na consecución do capital humano. Logo de dúas reunións, mais unha presentación en claustro e un petar porta a porta conseguimos 3 docentes- que non eran de galego- con ilusión para propoñer retos semanais (traballo avaliable sobre calquera aspecto da realidade galega que o alumnado debía realizar en equipo e presentar en formato vídeo). Asemade, o

aulas
libres

3
3



experiencias nas aulas



3 Hai 4 compromiso real da Administración en mudar hábitos?



compromiso incluía acompañamento lingüístico en cada un dos grupos.

A segunda panca foi o noso alumnado galegofalante, ao que lle quixemos dar un papel protagonista que puxese en valor a súa lingua. Convocámolo, démoslle a coñecer o proxecto e solicitamos a súa colaboración e as súas suxestións. Só elas e eles eran sabedores dun segredo que se anunciaba en todo o centro cunha cartelaría que dicía: «Algo grande vai ocorrer á volta do Nadal».

Das tres reunións mantidas co alumnado e co profesorado saíron 21 actividades para a dinamización dos recreos: cafés filosóficos, pasagalego, obradoiro de baile tradicional, xogos de mesa para coñecer a flora galega ou as mulleres relevantes da nosa historia, recoñecemento de cancións e grupos musicais, enigmas matemáticos, experimentos químicos... que se realizaron, moitas de xeito simultáneo, durante os recreos dos 21 días. Nelas

participou masivamente o profesorado de Física Química, Matemáticas, Bioloxía e Tecnoloxía e tivo tamén un papel moi relevante o alumnado galego falante que elaborou e/ou guiou moitas das dinámicas.

O terceiro piar foron as familias. Informámolas e solicitamos o acompañamento lingüístico das súas fillas e fillos. A resposta foi moi positiva, algunhas aplaudiron a idea e convertéronse en aliadas fieis.

E foi así que acabamos sendo un proxecto de centro con implicación de toda a Comunidade Educativa, no que traballamos máis de 40 profesoras/es de distintas materias; moitas voces diferentes focalizando durante 21 días a atención sobre a lingua.

Un labor inxente, valorado moi positivamente polas partes implicadas, pero que, como feito illado, non deixa de ser un espellismo. Hai compromiso real da Administración en mudar hábitos?



Proxecto Neo

Intervención educativa modelo Burela

→ EQUIPA PROXECTO NEO

O Modelo Burela naceu en 2004 como intervención educativa destinada á transformación dos usos lingüísticos habituais tanto na comunidade escolar como no seu ambiente social máis inmediato. Durante catro anos fixo un intenso traballo de campo e en 2008 asumiu a responsabilidade de coordinar a redacción do Modelo Burela de Planificación Lingüística, que foi aprobado por unanimidade polo pleno municipal. De-se xeito, durante tres anos (2008-2011) orientou as actuacións do concello en materia lingüística. Esta situación modificouse co cambio de goberno local, que non anulou o

acordo plenario, mais tam-pouco continuou coa súa implementación.

Entre as múltiples áreas de traballo do Modelo Burela (educación, cultura, sanidade, deporte, relixión, comercio, xustiza e notariado...) están as seguintes:

PROGRAMAS DE RADIO

1º - Proxecto Neo, a intervención destinada á incorporación á cultura galega de persoas que non tiveron a nosa como a súa primeira lingua (neofalantes). Desde o mes de xaneiro de 2012 mantense a emisión radiofónica de 1 hora semanal (durante o curso académico) na que se dan a

coñecer experiencias de neofalantes que poden servir de modelo para outras persoas que necesitan estímulo para iniciar ese proceso.

2º - Grandes Voces do Noso Mundo, ponte musical bidireccional entre as dúas beiras do Atlántico, é un diálogo musical feito partindo da música galega e fortalecendo os vínculos co noso mundo lingüístico. Está dirixido polo xornalista Marco Pereira Oliveira.

PROGRAMA EDUCATIVO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Desde setembro de 2014, o Modelo Burela traballou con alumnado en situación de fra-



caso escolar extremo e impulsou unha intervención educativa estábel durante dez cursos académicos. O seu protocolo de actuación atende prioritariamente:

1º - á interlocución coas familias, para facelas partícipes da educación e tamén para ter nelas unha fonte de información sobre os alumnos e alumnas.

2º - á mediación cos servizos sociais e asociacións culturais, deportivas e recreativas, como axentes de inclusión social, complementares da educación escolar.

3º - á adecuación dos obxectivos curriculares e a metodoloxía didáctica ao nivel real do alumnado, moi distanciados dos marcados oficialmente.

INTERCAMBIOS EDUCATIVOS

Son colaboracións estábeis con outros institutos da nosa terra, de lugares que teñen circunstancias parecidas (como Cataluña

ou Euskadi) e do Estado Español. Todos os anos se realizan actividades de visita a países anglófonos e francófonos e, obviamente, a Portugal.

XORNADAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA

Sexa presencialmente ou través da radio ou como colaboración con outras entidades públicas ou privadas, esta intervención educativa propicia o encontro de escritores e escritoras co público escolar e adulto.

INTERVENCIÓNS EDUCATIVAS DESTINADAS AO CONXUNTO DA CIDADANÍA

As actividades realizadas fóra do recinto escolar — por exemplo os traballos de campo — son tanto ou máis importantes que as realizadas dentro. As liñas de traballo continuado desde 2004 fomentan o uso da lingua galega na expresión escrita:

1º - do ámbito familiar (convites, recordatorios, lápidas...).

2º - das comunicacións comerciais e empresariais.

3º - das comunidades de edificios de vivendas (liña de traballo cada vez menos interesante, porque nesta altura o sector profesionalizouse e a emisión) recae nun reducido conxunto de empresas.

4º - das actuacións xurídicas e notariais.

ESCOLA DE NEOFALANTES

A experiencia con alumnado inmigrante propiciou que desde xaneiro de 2025 botase a andar na Escola de Arroxo, entre Lourenzá e Mondoñedo, unha escola para persoas adultas de diferentes nacionalidades e con vontade de reforzar a cohesión dentro a sociedade de acollida.



Aquí Tamén Se Fala:

o latexo cascarilleiro

→ **RUBÉN MELIDE**

Docente de Historia no IES Agra de Orzán

Os barrios do occidente da cidade da Coruña conforman un medio humano ben particular: da autoctonía das beiras aldeás da cidade primitiva deuse pasaxe no século XX a unha migración galaica de procedencia mormente bergantiñá e da Costa da Morte, entre outras comarcas. Porén, foi en tempos máis recentes cando se produciu o verdadeiro impacto demográfico: hoxe en día, na Agra do Orzán, en Labañou, no Ventorrillo, nas Conchiñas ou ao longo da rúa Barcelona podemos atopar unha inmensa diversidade de procedencias: de Muxía a Dakar, pasando por Asia ou por toda a América de falas ibéricas, multitude de orixes encontran a súa representación no espazo común.

É neste contexto que nace e se desenvolve o proxecto Aquí Tamén Se Fala, nado no IES Rafael Dieste, aínda coñecido polas máis veteranas como o Agra II. A iniciativa leva tempo consolidada

como un referente da normalización e do avance dos usos lingüísticos en galego a escala nacional. O proxecto — que nun comezo arrincara como unha campaña de cartaces nos comercios da cidade — tornouse un movemento que xa abrangue centos de centros de ensino ao longo e largo do país, ademais de colaborar con clubs deportivos, grupos musicais ou espazos culturais.

Segundo explica o profesor Arcadio González en declaracións ao portal neofalantes.gal, «a potencia creativa e a ilusión do alumnado foron o motor que levou a iniciativa máis alá dos muros do instituto». Nun comezo, a proposta era colocar cartaces en locais comerciais coa mensaxe «Aquí tamén se fala galego». O suceso abraiou mesmo as persoas envolvidas na iniciativa desde o comezo: «A previsión era de 300 cartaces e o alumnado acabou colocando máis de 500», relata.



**a potencia
creativa e a
ilusión do
alumnado
foron o motor
que levou a
iniciativa máis
alá dos muros
do instituto**



Porén, o ATSF foi ben alén dos cartaces. Desde ben cedo, a campaña gañou presenza no mundo da música e da produción audiovisual, pondo ao dispor do alumnado obradoiros con profesionais como Tomás Ageitos, Alberto Castaño e Nuno Pico, de Grande Amore. A cereixa no bolo deste traballo foi a organización dun festival musical monolingüe en galego a carón do instituto, cunha afluencia de público multitudinaria, o cal supuxo a creación dun espazo de prestixio para a lingua galega entre a mocidade coruñesa.

Pola súa banda, o profesor Alberto Pombo salientou, tamén en declaracións a neofalantes.gal, a importancia de crear “espazos de prestixio onde a lingua galega teña presenza e relevancia, tanto na cultura como no deporte”. Deste xeito, a iniciativa foi quen de envolver referentes culturais como Viggo Mortensen, Tanxugueiras e Nacho Vegas, que apoiaron calorosamente a iniciativa.

UNHA MUDANZA SOCIOLINGÜÍSTICA REAL ENTRE A MOCIDADE DA CORUÑA

A profesora Mónica Reigía, pola súa banda, pon de relevo que a iniciativa atinguíu o logro de moitos estudantes pasaren a empregar o galego non só no ámbito académico, senón tamén en dimensions como a familiar ou a lúdica, a pé de rúa: “Temos exemplos de alumnado que decidiu falar galego a partir desta campaña, mesmo revertendo o uso do castelán nas súas familias”.

Para alén disto, o proxecto tamén está a traballar na realización dunha curtametraxe na que o alumnado asume todas as funcións, desde a maquillaxe ata a produción audiovisual. Esta nova liña de traballo procura continuar coa formación práctica e coa difusión da lingua galega a través das redes sociais.

VONTADE FIRME DE PRESERVAR O NOSO IDIOMA

O ATSF non só foi quen de mobilizar alumnado e profesorado, senón que tamén está a ter un impacto directo nas comunidades locais. Desde os comercios que mostran con orgullo os cartaces en galego até as entidades deportivas que apostan pola lingua nas súas actividades, o proxecto pon de relevo que a nosa lingua é válida e útil para todas as dimensions da vida.

As persoas responsábeis da iniciativa destacan que, aínda que o seu traballo é un grao de area na defensa do galego, a transformación real require políticas lingüísticas activas e un compromiso colectivo: “As accións individuais son importantes, pero a transformación ten que ser colectiva”, afirma Arcadio González.

Desnarcotizar o silencio

→ **CARLOS CALLÓN**

*Profesor de Lingua e Literatura Galega.
Foi presidente da Mesa pola Normalización
Lingüística (2002-2014).*

O libro negro da lingua galega comeza coa súa sucesión de eventos en 1480, coa norma que en pouco tempo varre o galego da burocracia, e finaliza en 1986, cando o Tribunal Constitucional emite unha sentenza para limitar as posibilidades de auténtica oficialidade da nosa lingua; ese ano é tamén –non por casualidade– o da creación da Mesa pola Normalización Lingüística. Hai nas súas páxinas referencias aquí e acolá a eventos máis recentes e teño entre os meus planos de traballo finalizar unha outra obra complementaria que vaia alén desa data e se aproxime á actualidade. No entanto, hoxe quería chamar a atención sobre unha obviedade que, por máis sabida que sexa por quen vai pousar o seu ollar sensíbel nestas liñas, non por iso debe deixar de se destacar: O libro negro da lingua galega tería que ser só historia, mais non cesa de se escribir, cada día.

É unha irregularidade democrática que se nos recoñezan tantos dereitos lingüísticos nos papeis (máis ou menos ambiciosos, mais aí os están) e que na vida diaria esmagen ese dereitos as mesmas institucións responsábeis de velar polo seu cumprimento. Non vaíamos lonxe. O Estatuto de autonomía en vigor, tan raquítico para garantir o exercicio do noso autogoberno, parece no entanto un panfleto revolucionario se o comparamos coa práctica política dos gobernos galego e español. No artigo 5, comeza por constatar a evidencia de que a nosa é a "lingua propia", pasa a promulgar que tanto o galego como o castelán son "oficiais" e que temos "o dereito de os coñecer e de os usar" (xa viría despois o Tribunal Constitucional a dicirnos como había que interpretar iso). Sinala despois que "os poderes públicos" deben garantir o uso "normal e oficial" e que "potenciarán o empre-



**vivir en galego
é unha linda
utopía para a
que vale a pena
dedicarmos
unha parte
importante
do noso tempo**



go do galego". Finaliza con que "ninguén poderá ser discriminado por razón de lingua".

Varias normas e tratados internacionais (de entre estes últimos, o máis importante é a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias) proclaman solememente o noso dereito a usar o galego, mais todas reiteran un padrón: non son garantistas, non establecen medios para que se apliquen. Así, acaban por servir a un propósito de anestesiar o corpo social para negar o conflito lingüístico, en canto o silenciamento da lingua se fai efectivo con máis intensidade que nunca na nosa milenaria historia.

De que me serve a min que se proclame que "ninguén poderá ser discriminado por razón de lingua" se unha notaría en Santiago de Compostela se nega taxativamente (novembro de 2024) a realizarme documentos en galego; se as empresas que me fornecen servizos básicos, como é a enerxía eléctrica, me escriben que as xestións teñen que ser "por suposto, en castelán" (xaneiro de 2025) ou se hai bancos que me queren cobrar 10 euros por trámites gratuítos en español (febreiro de 2025)? Ningunha destas discriminacións constatábeis –nalgúns casos, mesmo rexistradas por escrito– ten consecuencias. Ningún poder público as acolle e atende, nin sequera para as condenar, aínda que fose sen efectos prácticos. Parece que só resta o dereito a manifestar o descontento o máis algo que a gorxa der e a

denunciar a través de entidades privadas como A Mesa pola Normalización Lingüística.

De que me serve que se diga que "os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas" se mesmo desde a Consellaría de Educación chegaron a responderme que están "moi ocupados" como para me enviaren en galego ou bilingüe un documento que levaba tempo pedindo (outubro de 2024) e só o facilitaron despois de protesta pública e de presentar unha queixa por rexistro? Que ten de "garantir o uso normal e oficial" que desde a Axencia Tributaria (marzo de 2025) nunca queiran enviar os documentos na lingua oficial da miña escola a pesar dos meus reiterados escritos? Que hai que facer para que a lingua oficial poida ser usada oficialmente, se nin tan sequera se lle garante esa opción a persistentes obxectores de conciencia, xa non digamos como opción xeral e apoiada?

De que me serve que se declare que se vai potenciar "o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa" se no día a día somos a única lingua do Estado que non ten unha televisión con programación infantil e xuvenil, a única en que non se estrea ningún filme nos cinemas destinado á xente máis nova? De que me serve que se diga que todas e todos temos o dereito de "coñecer" o galego se despois está anulado na crucial educación das crianzas máis novas, con áreas de coñecemento vetadas no en-

sino secundario e hai carreiras universitarias

fundamentais para a vida social, como Medicina e Enfermaría, onde o seu uso na docencia nestes últimos cursos é o mesmo, ou inclusive talvez menos, que durante a ditadura franquista, cunha acusada tendencia ao 0%? Que status xurídico é ese? De verdade se pode afirmar que o galego é oficial ou cooficial?

"Vivir en galego" é hoxe unha aspiración democrática esencial, mais tristemente é tamén unha utopía, unha linda utopía para a que vale a pena dedicarmos unha parte importante do noso tempo. Un reto chave neste camiño que andamos é facérmolle ver ao conxunto da sociedade esta inxustiza da que poden non ser conscientes. Hai que quebrar os narcóticos para abrir as portas do futuro. Nalgúns casos este descoñecemento acontece porque falan en galego mais non o reclaman, polo que as cadeas que silencian a súa lingua non se fan visíbeis. Noutras ocasións, a ignorancia desta problemática acontece en persoas que aínda non teñen o galego na boca, mais si no corazón. Debemos chegar a elas co noso testemuño para xuntarmos as nosas voces.

A causa do galego é fundamental para o futuro e a cohesión social de Galiza, mais tamén fai parte dunha loita global pola democracia e pola defensa da pluralidade e da diversidade humana. Falar galego é un xesto que sementa. Falemos!

Português no ensino galego

penúltima oportunidade

→ **ELISEU MERA QUINTAS**

Catedrático de Música do IES Plurilíngue de Valga

A Galiza encontra-se num contexto linguístico privilegiado e único no panorama europeu. É um território onde convivem, de forma natural e quotidiana, as duas línguas romances mais faladas do mundo: o galego-português e o castelhano-espanhol. Esta coexistência oferece um potencial educativo e cultural enorme, que, no entanto, nem sempre é devidamente explorado. Uma das chaves para valorizar e preservar o património linguístico galego reside precisamente em promover a aprendizagem do português como realidade linguística complementar, nunca como idioma concorrente.

Ao contrário do que certos preconceitos possam fazer crer, o ensino do português na Galiza está nas antípodas de prejudicar o galego. Pelo contrário, pode atuar como aliado para conservar e revitalizar termos e estruturas próprias do galego que hoje se encontram em processo de desaparecimento. Verbos como esmagar, acordar (com

o sentido de "despertar") ou fórmulas como dar conta de encontram paralelo direto no português moderno e continuam a ter pleno uso nos países lusófonos. A sua aprendizagem permite ao alumnado galego reconhecer e revalorizar essas formas, ao mesmo tempo que desenvolvem competências comunicativas numa das línguas globais mais relevantes.

É importante destacar que o próprio currículo de Língua galega e literatura já prevê o contacto com elementos da língua portuguesa. Isto constitui uma oportunidade didáctica extraordinária, mas que infelizmente nem sempre se concretiza na prática. A ausência desses conteúdos especificamente avaliados nas Provas de Acesso à Universidade (PAU) leva a que muitos docentes e centros educativos evitem dedicar o tempo que merecem. Para corrigir isto, os conteúdos de português deveriam um peso mínimo de dois pontos nas PAU.

Esta medida simples garantiria que fossem devidamente tratados e valorizados no processo educativo.

É igualmente relevante lembrar que esta proposta se complementaria com a oferta já existente das matérias de Português como primeira ou segunda língua estrangeira, pois integrá-lo no ensino regular da língua galega pode servir como ponte para aprofundar o seu estudo através destas disciplinas optativas, criando um percurso de aprendizagem progressiva e coerente.

Defender o ensino do português na Galiza é obviamente um assunto de utilidade prática, mas também uma proposta estratégica em favor da nossa própria identidade. Ensinar português na Galiza é, em boa medida, ensinar galego com futuro. Aproveitemos, pois, esta vantagem histórica e cultural para formar estudantes com mais consciência, competência e conexão com o mundo.

Visibilizar as 4 mulleres 2 nas artes escénicas

→ **LARA ROZADOS
LORENZO**

*Docente de Lingua e Literatura Galega,
xornalista e escritora.*

→ **ASEMBLEA DAS
MULLERES DO STEG**

Fotografías de → Alba Díaz

O sábado 29 de marzo ás 12, na Sala Clavicémbalo de Lugo, o STEG presentou a nova edición do noso calendario coeducativo "Mulleres no Tempo, Tempo de Mulleres". Un proxecto que, desde o 2005, é unha ferramenta esencial para recuperar a memoria das mulleres esquecidas pola historia e ofrecer referentes femininos ás novas xeracións.

O STEG, a través da Asemblea de Mulleres e a Organización de Mulleres da Confederación Intersindical, leva décadas loitando para que os centros educativos contén con materiais que re-

flictan a diversidade e a contribución feminina en todos os ámbitos do coñecemento e da cultura.

O noso calendario, dispoñible en seis linguas e con máis de 60.000 exemplares distribuídos anualmente, é un deses materiais que contribúen a facer da coeducación unha realidade.

Alén dun calendario é unha ferramenta pedagóxica: as actividades didácticas que inclúe están deseñadas para fomentar o pensamento crítico e o traballo en equipo, para que o alumnado non só coñeza estas mulleres, senón

que reflexione sobre a desigualdade de xénero e a importancia de construír referentes inclusivos.

Este ano, o noso calendario está dedicado ás mulleres no teatro, un ámbito onde, como en tantos outros, as mulleres foron marxinadas e invisibilizadas. Mais tamén un espazo no que moitas resistiron, innovaron e loitaron para facerse escoitar. O teatro, ademais de ser un lugar de expresión artística, foi e segue a ser unha plataforma de denuncia e transformación social, onde as mulleres desafiaron os mandatos patriarcales e seguen a facelo nestes tempos nos que o auxe da extrema dereita, a falta de liberdade de expresión a institucionalización das inxustizas sociais e os xenocidios demostran o necesarias que son as voces femininas fortes, altas e claras.

Porén, os datos seguen a ser preocupantes. A investigación feita pola Asociación Clásicas y Modernas e a Fundación SGAE sobre a tempada 23/24 conclúe que as





homenaxe a Paula Carballeira, dramaturga, actriz e narradora oral que leva décadas contándonos historias que nos fan rir, chorar e pensar



mulleres no teatro seguen a estar infrarrepresentadas en moitas áreas clave: só o 25% das obras foron escritas por mulleres e só o 31% dirixidas por elas.

No calendario deste ano ides atopar dramaturgas, directoras, escenógrafas, actrices e outras profesionais do teatro que abriron camiños e que, grazas ao seu traballo, contribuíron a construír un mundo máis xusto e diverso. Mulleres como María Xosé Queizán, que impregnou as súas obras de crítica social e feminismo ou Jessie Nelson, directora do primeiro musical creado exclusivamente por mulleres.

Esta presentación homenaxeou a Paula Carballeira, referente fundamental no teatro galego, dramaturga, actriz e narradora oral que leva décadas contándonos historias que nos fan rir, chorar e, sobre todo, pensar. O seu teatro, profundamente comprometido coa memoria e coa identidade, demóstranos que as mulleres teñen moito que dicir

sobre os escenarios e fóra deles. Grazas ao seu traballo, as xeracións futuras atoparán non só referentes artísticos, senón tamén modelos de resistencia e creatividade.

A presentación contou tamén coa peza *Unha noite do Clavi*, de Microefectos Dramatúrxicos, escrita e dirixida por Raquel López Cendón, que tamén actuaba canda María Grandío e Elvira Velasco.

Polo tanto, foron unhas datas, un lugar e unha presentadora ben acaídos: en datas próximas ao Día Internacional do Teatro, 27 de marzo, nunha sala que é un fervedoiro de teatro na cidade de Lugo, e da man dunha grande artista e profesional en todas as facetas do teatro. Paula Carballeira representa, ademais, a confluencia perfecta entre teatro, ensino e coeducación: leva toda unha vida dedicada ao teatro, ben como dramaturga, como actriz, directora ou á fronte da compañía Berrobambán, desde 1996. Ten feito teatro (e literatura) para público infantil e





xuvenil, polo que é un referente imprescindible nos centros de ensino. Mais isto nunca significou, para Paula nin para a súa compañía, menor esixencia artística: pola contra, son ben conscientes de que o público miúdo e o adolescente é público intelixente, espectadoras e espectadores que agradecen facerse preguntas máis que as respostas dadas, e sobre todo, que conectan coa arte dramática a través doutra ferramenta creativa e pedagóxica de primeira orde: o xogo.

E niso tamén é experta Paula Carballera: xoga na escena como xoga cos xéneros literarios, de forma que os seus poemas saltan ás táboas (así, *Contatrás* xerou dúas obras, *A folla máis alta* para público infantil e *Avestruz en terra allea* para o adulto, ou *Hai quen escolle os camiños máis longos* deu lugar a unha obra do mesmo título, realizada entre Berrobambán e a compañía portuguesa Ponto de fuga). Ten publicado tamén

ensaio: *E continuaremos a contar*, recentemente publicado en Através Editora, dá conta nun ton divulgativo, mais tamén vivencial e de fonda reflexión ética, sobre a narración oral escénica, e non só, senón tamén sobre o propio acto de contar e de escoitar como acto de resistencia. "Contar para que nos nos conten" é unha valiosísima ensinanza deste tratado.

Precisamente como narradora oral escénica, Paula Carballera foi tamén unha pioneira. E como narradora

literaria, destacan tanto contos que fixeron as delicias de xeracións enteiras e foron traducidos a varias linguas, coma *Paco ou Mateo*, ata os máis recentes reunidos no volume *Pan con chocolate*. A merenda de Gianni, unha homenaxe a outro gran contador: Rodari. Ou mesmo no xénero do terror, *Trece avisos*. *Contos para ler pola noite*, que xerou incluso un podcast.

E desde logo, destaca no xénero dramático, e así o recoñecen premios coma o Manuel María de Literatura



Dramática Infantil, que obtivo en tres ocasións (*Boas Noites*, *O refugallo* e *Somos os monstros*). Hai pouco máis de ano e medio o Ministerio de Cultura outorgoulle o Premio Nacional de Literatura Dramática pola súa obra *As alumnas*, onde podemos asistir a unha conversa entre dúas ex alumnas da mestra represaliada polo fascismo María Barbeito. A través das voces destas dúas mulleres, Rosa Lires e Elvira Fontao, que se atopan no funeral da súa mestra e volven, por un breve espazo de tempo, ser cativas, asistimos a esa maxia que ten lugar nos escenarios (e tamén nas aulas). Volven ser dúas rapazas que en cada escena desenvolven un xogo infantil, e foxen, por un momento, da época gris na que viven. Unha ditadura atroz que as somete: á que bebeu do exemplo da mestra e quere seguilo, compartindo o seu saber coas súas alumnas, a unha vida de miseria e ostracismo; mais tamén á que se resignou a asumir o papel de esposa e nai á prisión do seu fogar, e á forma de escravitude doméstica á que o franquismo relegaba as mulleres. Nese xogo das dúas alumnas, nese “facer coma se” ten lugar a maxia do teatro. Que tamén pode ser a maxia das aulas: fagamos lecturas dramatizadas, acheguemos as mulleres de teatro ao noso alumnado, convirtamos os pupitres en escenario improvisado e xoguemos ao teatro.



Recuperar nas aulas a

4 memoria 6 das vítimas

das violencias franquistas: un desafío fronte ao revisionismo e o negacionismo

→ **ALFREDO
IGLESIAS
DIÉGUEZ**

*profesor de CCSS, Xeografía e
Historia no IES Xulián Magariños
de Negreira*



**todos os
concellos de
Galicia viviron
o horror do
Atila fascista,
era a súa
estratexia da
'pedagogía do
terror'**



memoria histórica

O 4 de xuño de 1937 foi executado no cemiterio de Boisaca Benjamín Troitiño Beiro, un xornaleiro de 37 anos que militaba no sindicato de tendencia anarquista Sociedade de Oficios e Profesións Varias de Negreira e A Baña. Ao seu carón, ese mesmo día, foron executados no cemiterio de Boisaca outros veciños de Negreira e da Baña: Juan Barros Manteiga, Barritos, peón de 28; Jesús Lens Patiño, Goriño, albanel de 28 anos que trala sublevación militar fascista estivo fuxido durante uns días; e, Ramón Pose Suárez, comerciante de 23 anos vencellado a Izquierda Republicana. En días diferentes tamén foron executados outros veciños de Negreira e da Baña: Jesús Castiñeiras Redondo, mineiro de 41 anos afiliado ao sindicato anarquista de Oficios Varios de Lousame, e Ramón Pazos Liñares, o Azaña, la-

brego de 49 anos que militaba na Izquierda Republicana. Todos eles sentenciados nunha mesma causa seguida en Compostela, aos que cómpre sumar a outras vítimas executadas ao abeiro doutras causas: Amancio Caamaño Cimadevila, Fernando Domínguez Caamaño e Carlos Reino Caamaño..., pero sempre polo mesmo delito de rebelión militar!!! O mundo ao revés.

Nun concello que no ano 1936 tiña pouco máis de oito mil habitantes as diferentes tipoloxías da represión fascista deixaron case un centenar de vítimas, entre elas as persoas executadas -ás que cómpre engadir unha máis paseada lonxe da súa terra-, así como as persoas encarceradas -algunhas polo grave delito de levar unhas flores ao cemiterio de Boisaca-, depuradas - como a mestra Concepción Frade Peña ou o


telegrafista Florentino del Río López de Ipiña —, ou as múltiples mulleres violadas, rapadas e torturadas..., todas elas vítimas da violencia antide-mocrática pola súa defensa dos valores democráticos.

Porén, hoxe, 50 anos despois do fin da ditadura instaurada en España grazas a esa violencia, paseando polas rúas de Negreira pódese percibir que a memoria fascista sigue presente na vila; velaí está o símbolo da Falange nunha fonte pública e unha placa en memoria dos ‘caídos por Dios, España y su revolución nacional sindicalista’ nunha igrexa. Pola contra, a memoria democrática redúcese a unha pequena placa detrás da Casa do Concello na que se pode ler: “na memoria da veciñanza de Negreira vítima da violencia do golpe de Estado de 1936 e da ditadura franquista”, inaugurada no ano 2021.

Até aquí os feitos dunha vila galega que ben pode exemplificar o que foi a violencia fascista exercida sobre o pobo galego nos anos da guerra de España (1936-1939) e na que a nosa xente apenas tivo a oportunidade de defenderse dos agresores fascistas coas armas.

Daquela, imponse unha pregunta: se vivimos nunha sociedade democrática, como é posible que permanezamos indiferentes ante a presenza de símbolos fascistas nas nosas rúas e a ausencia ou escaseza de memoria democrática?

Apenas unha semana antes de que o Congreso dos Deputados aprobase a Lei



20/2022, do 14 de xullo, de Memoria Democrática, que substituíu á Lei de Memoria Histórica (2007) –criticada polo Partido Popular porque ‘abría vellas feridas’ e desprovista de financiación polo goberno de Rajoy-, Alberto Núñez Feijóo anunciou que en canto puidese derrogaría a ‘mal chamada’ lei de ‘memoria democrática’ para traballar a prol dunha lei de concordia que restablecese a ‘memoria e a xustiza’. Unha postura que, unha vez que o discurso dos vencedores –o discurso do réxime franquista durante corenta anos-, comezou ser insostible, pretende revisar a historia para difundir un discurso falso, no que as culpas están repartidas por igual entre os republicanos e os ‘nacionais’ –nin sequera son capaces de desprenderse do léxico propio da ditadura... —. Velaí a estratexia da dereita española.

Porén, debemos loitar pola memoria das vítimas, polo dereito á verdade, á xustiza e á reparación. Como docentes temos unha tarefa inmensa por diante: primeiro, identificar ás vítimas alén do nome e das tipoloxías das violencias que sufriron, para a partir dese punto fomentar a reflexión entre o noso alumnado sobre a forma en que eses feitos dun pasado non tan afastado seguen a interpelar o noso presente, porque a memoria non só protexe o pasado da manipulación, mostra algo que nunca se debe esquecer: a democracia é unha conquista, é un proxecto político en construción no que nós somos protagonistas. Reivindicar a memoria democrática non é ‘adoutri-namento’, é un dereito das vítimas que sufriron diferentes tipos de violencia por defender a democracia.



É o modelo pedagóxico da ‘pedagogía do terror’ o que defendemos para construír a nosa sociedade democrática?



A derradeira lección do mestre

Desgrazadamente, todos os concellos de Galicia viviron o horror do Atila fascista, era a súa estratexia da ‘pedagogía do terror’: ‘castigar mediante diferentes tipos de violencia a membros da sociedade civil das diferentes parroquias coñecidos por defender os valores republicanos para mostrarlles ao resto das xentes da parroquia o seu futuro se se significaban en defensa dos valores democráticos’. É ese o modelo pedagóxico que queremos seguir defendendo para construír a nosa sociedade democrática?

Loitar pola memoria democrática nas aulas, daque-

la, significa pór en marcha varias tarefas: realizar actividades que promovan a recuperación da memoria democrática das vítimas do franquismo durante a guerra, pódense facer diferentes actos – performances, muros da memoria, pequenas representacións teatrais, lectura dramatizada de textos escollidos... – ; pero tamén estender esa recuperación da memoria a outras vítimas do franquismo e a todas as loitas nas que participaron –velaí están as loitas do Vigo e do Ferrol obreiros-, á República no exilio –disolta legalmente trala morte do

ditador- e ás loitas pola conquista da democracia nos tempos da Transición – como as manifestacións polo Estatuto de autonomía ou a masacre de Atocha, estendendo a nosa memoria ao ámbito español.

A democracia é un sistema político en permanente construción e o noso alumnado está chamado a ser quen o constrúa nos vindeiros anos: démoslle as ferramentas para facelo!!! E esas ferramentas chámanse verdade, xustiza e reparación, un dereito das vítimas que loitaron pola democracia.

O inferno da temporalidade perpetua

→ **ANA BELÉN PALEO VIEITO**

Doncente da Lingua e Literatura Galega

Unha vez dados por concluídos os finxidos procesos estabilizadores levados a cabo aquí en Galicia, a situación do profesorado substituto foi a peor. Con só botar unha ollada ás listas de cada unha das especialidades podemos comprobar que a figura de interino está en vías de extinción. Este recorte, levado a cabo con total escurantismo e aleivosía por parte da Consellería e sindicatos maioritarios, non debe pasar desapercibido; seguramente exista algunha diferenza legal entre interino e substituto cando á Consellería lle interesa desfacerse da primeira categoría.

Antes, de non sacarmos a praza fixa, podíamos aspirar co tempo a ser interinas e asegurar contratos por todo o curso, agora nin iso. Coas actuais convocatorias de oposicións polo mesmo obsoleto sistema de acceso de haberá uns cincuenta anos, o feito de estarmos abocadas a ir cada ano á oposición é tan frustrante como xogar á lotería. Só que de lúdico ten ben pouco; porque ao remate do proceso, sen o premio gordo, o destino é o paro e logo o cal-

vario que supón esperar ata que a ruleta dos chamamentos reparta as migallas das substitucións.

Case todas as persoas que vivimos neste inferno da temporalidade sentimos a mesma angustia que preme o peito nese intre en que verificamos o cruel suspense, esa impotencia ante o abismo do incerto futuro laboral, esa carraxe ao mirar atrás e comprobar que, despois de ter traballado arreo durante o curso, o colofón ao noso esforzo é o martirio das oposicións para a continuación volver caer no humillante desemprego.

Porque supón un verdadeiro suplicio aturar cada verán ese lategazo de "NON APTO" cando acumulas anos de práctica docente na túa vida laboral. Porén, por moito que se empeñen xuíces, políticos e sindicalistas en exaltar a pureza indiscutible do actual modelo de oposicións como garante dos sagrados principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, aprobar a oposición non é a variña máxica que transforma en mestre da noite para a mañá. Estamos polo tanto an-

te o paradoxo dun sistema desnortado de acceso á función pública docente que resultaría irrisorio, se non fose polo intenso sufrimento que causa a nivel persoal e familiar no profesorado que traballa encadeado ao paro intermitente.

A negación recalcitrante da fixeza ao persoal eventual atenta contra un dereito fundamental e constitúe maltrato. É máis, ao sermos a meirande parte mulleres, estamos perante unha dobre discriminación. Os procesos de estabilización que se desenvolveron aquí en Galicia foron tramposos, porque quen os dirixiu e executou non foron nin son partidarios de tal estabilización: a proba foi a feroz campaña difamatoria onde se estendeu a aldraxante falacia de que os interinos ían usurpar as vacantes aos seus donos lexítimos no concurso de destinos, falsidade pezoñenta que aínda campa ás anchas polas bocas de moitos e moitas e que contribúe a estigmatizarnos aínda máis.

Basta de abuso! Berremos para saír desta condena á temporalidade perpetua!

50 Situación actual da orientación educativa galega

→ SUSI CARBALLO ESTÉVEZ
→ ANTÍA GÓMEZ PIÑEIRO

Lonxe quedan aqueles anos onde a orientación educativa estaba focalizada no eido vocacional, momentos nos que o traballo existía pero non afogaba. Dende xa hai uns anos, todo pasa pola persoa orientadora, resultando imposible atender a inmensa demanda de peticións de familias, compañeiras e compañeiros docentes e alumnado, por non mencionar a demanda burocrática das institucións públicas.

A frase “o urxente non deixa tempo para o importante”, acompaña as nosas accións. Crises de ansiedade, protocolos de risco suicida, condutas de complexidade, situacións sociofamiliares lonxe de ser idóneas, e un longo etcétera, colapsan o día a día das persoas que traballan na orientación e obríganos a adiar accións importantes cada día. Re-inventarnos e priorizar, acumulando tarefas pendentes que chegado un punto resultan asfixiantes.

Os departamentos de orientación teñen entre as súas

funcións coordinar a acción tutorial nos centros (con programas de prevención do acoso, da conduta suicida, do consumo de sustancias, de educación emocional e sexual ou de habilidades sociais). Tamén son os responsables da organización e supervisión da atención á diversidade (alumnado con discapacidade, procedente do estranxeiro, con vulnerabilidade socioeducativa, con dificultades de aprendizaxe, etc.) e da orientación profesional nas distintas etapas (precisando actualización continua, debida aos cambios legislativos).

Sen obviar a nosa labor no relativo a promover unha convivencia positiva na comunidade educativa, xestionar bolsas de estudo, sensibilizar sobre a importancia da formación permanente do profesorado, organizar obradoiros, atender as familias/alumnado e asesorar ao profesorado no seu, tamén cada vez máis arduo, labor docente.

A todas estas funcións engádeselle a avaliación psicopedagóxica, coa finalidade de acreditar certas necesidades específicas de apoio educativo, ou recoller evidencias educativas para apoiar un diagnóstico feito por especialistas médicos. Neste aspecto, cada día aumentan as nosas responsabilidades, así como as peticións externas de valoracións.

No horario lectivo faise imposible cubrir estas funcións de redacción dos múltiples documentos solicitados (non só informes psicopedagóxicos, senón escolares; para servizos sociais; Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar; Equipos de Orientación Específicos; inspección educativa ou outros organismos que así o demanden). Esta imposibilidade é debida a que na porta do departamento sempre hai unha petición de acción inmediata. Moitas veces de alumnado con enormes dificultades na súa

xestión emocional, que poden agravarse e derivar en problemáticas de saúde mental non abordables desde o centro educativo.

Isto vai acompañado dunha sobrecarga de responsabilidade, que acaba afectando tamén á nosa saúde mental. Moitas veces a orientadora está soa no centro educativo, non hai ninguén cunhas funcións iguais. Ten no seu coñecemento un exceso de información, en moitas ocasións negativa, en base á cal hai que tomar decisións e accións, nas que como humanos, podemos fallar. Cada pequeno fallo, aínda que sexa nun mar de acertos, vese sinalado e xera unha enorme frustración en todas nós.

A UNESCO recomenda que non se supere a ratio de 250 alumnas e alumnos por orientador/a para poder prestar un servizo de calidade, mais esa cifra duplícase ou triplicase nun importante número de centros do ensino galego.

Ben é coñecida pola sociedade a realidade da infancia e da adolescencia, a necesaria importancia que se lle dá á inclusión educativa (moi lonxe aínda do ideal), e a focalización de todos e todas na saúde mental. Isto reflíctese nunha incesante petición de apoio por parte de cada alumno/a dun centro. Pese a iso, a recomendación da UNESCO segue sen cumprirse en Galicia, onde as orientadoras poden chegar a ter nos seus centros case mil alumnos e alumnas.

A AGOEP (Asociación Galega de Orientadoras do En-

sino Público) xurdiu co obxectivo principal de reclamar melloras nas condicións nas que desenvolven o seu labor estas profesionais e, en consecuencia, a calidade da orientación educativa que recibe o alumnado galego.

O nacemento de AGOEP tivo o seu xermolo na folga de profesorado do 24 de outubro de 2023. A través dunha convocatoria espontánea por WhatsApp, unha vintena de orientadoras formaron un grupo dentro da manifestación con lemas como "a orientadora ten unha ratio que non colle no patio" ou "a Consellería de Educación asfixia á orientación".

Despois dun ano de traballo, aquel grupo inicial constitúese nunha asociación que, ademais da reclamación dun aumento do persoal dos departamentos de orientación, ten os seguintes obxectivos:

- › Demandar unha racionalización das funcións do persoal orientador: A normativa que as regula é do ano 1998, e o sistema educativo actual pouco ten que ver co daquela, cando o alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios era anecdótico ou as relacións familia-escola practicamente inexistentes.
- › Contribuír á formación permanente das orientadoras e orientadores e doutros profesionais desde a perspectiva da orientación educativa.



no horario lectivo faise imposible cubrir estas funcións



- › Diminuír a burocracia que afoga os departamentos de orientación, limitando o tempo que se lle adica á atención directa ao alumnado ou as familias.
- › Coordinación real e efectiva con institucións sociais, educativas e sanitarias do contorno que atenden alumnado dos centros.

Dende AGOEP queremos erxer a voz deixando moi clara a nosa situación precaria actual e reclamar á Consellería a necesidade de especificar unha ratio para a orientación e que teña en conta as nosas opinións á hora de publicar plans e protocolos ou organizar formacións específicas relacionada coas nosas funcións.

A calidade do ensino reflíctese na sociedade, e depende en gran parte da orientación, polo que precisamos que se analice esta situación de xeito urxente.

A educación sexual na escola

→ **MARTA ESTHER SANTOS PÉREZ**

*Docente da familia de Servizos Socioculturais
e á Comunidade no CIFP Compostela.*

A educación sexual segue a ser unha materia pendente de tratar con rigor no sistema educativo. Existe un eterno debate sobre se hai que incorporala como unha materia propia ou impulsar unha educación sexual de xeito transversal. A OMS reconece o dereito á educación sexual e a última reforma educativa, a LOMLOE, incorpora transversal e timidamente contidos desta disciplina desde un enfoque bioloxicista, partindo do paradigma denominado por Amezáa “locus genitalis”, por ser os xenitais o centro de estudo e preocupación. Desde esta visión aparece a necesidade de prevención de riscos potenciais nas prácticas sexuais como as enfermidades de transmisión xenital, a pornografía ou os embarazos non planificados. A preocupación e medo son o centro, trabállase desde a urxencia, tratando a sexualidade desde unha dimensión negativa. Esta perspectiva contrasta con outras nas que a sexualidade se centra no dereito ao pracer e se tratan os comportamentos e a regulación destes. Ambas abordaxes, aínda que ben intencionadas, parecen insuficientes e pouco efectivas porque non responden ás ne-

cesidades de información ou adquisición de habilidades; as intervencións frecuentemente carecen de relevancia nas vidas do alumnado e os adultos emitimos xuízos de valor continuados sobre os seus comportamentos e actuacións.

Desde o “paradigma dos sexos” a educación sexual estuda o feito sexual humano, entendendo que as mulleres e homes ímonos construíndo ao longo da nosa vida en relación aos outros. Os seres sexuais encontrámonos, relacionámonos e desexámonos nun ecosistema cunha cultura determinada, o enfoque é o biográfico, non bioloxicista ou reprodutivo. Desde este paradigma a sexoloxía concíbese como unha ciencia que estuda os sexos, con ideas e contidos propios, non se parte nin dos comportamentos nin das emocións. Esta disciplina, como calquera outra, precisa un espazo para o estudo, o diálogo e o debate, para tratar coñecementos organizados e reflexionar sobre eles para que o alumnado integre coñecementos e adquira habilidades e valores que lle axudarán a resolver dúbidas e dificultades vinculadas á sexualidade desde outro lugar, posible-

mente máis eficaz, favorecendo o desenvolvemento e goce desta nas diferentes etapas evolutivas.

Para que as intervencións nas aulas teñan un impacto positivo é necesario calidade nas actuacións, con profesionais formados e non deixando que sexa a pornografía ou as prácticas propias ou alleas do grupo de iguais a principal fonte de coñecementos. Por iso precisamos planificar e avaliar as actuacións, tendo en conta as características de cada etapa evolutiva e considerando que a sexualidade existe desde que nacemos ata que morremos e é diferente en cada momento vital.

Amezúa sinala que os campos conceptuais da sexoloxía que estuda o feito sexual humano poden agruparse en seis: a sexuación (proceso polo que ao longo da vida as persoas se constrúen como homes e mulleres), a sexualidade (vivencia que cada individuo ten sobre o seu proceso de sexuación), a erótica (desexos), e a amatoria (condutas ou prácticas dos desexos), a parella (suxeitos que queren convivir) e a procreación (desexo compartido materializado). Esta clasificación permite organizar os contidos da educación sexual nas diferentes etapas educativas.

As crianzas de infantil preguntan, teñen curiosidade por explorarse e ás veces exploran ao outro/a, levan a cabo condutas cun significado diferente ás persoas adultas, necesitan vincularse afectivamente e precisan de modelos reais referenciais. O

decreto 150/2022 do 8 de setembro establece a ordenación do currículo de educación infantil en Galicia e a educación sexual aparece vinculada á competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender e ao segundo bloque de contidos "Crecemento en Harmonía". O recoñecemento das partes do corpo, das súas funcións, os órganos xenitais, a diferenciación dun mesmo e dos demais así como a apreciación dos diferentes corpos son contidos a tratar nesta etapa. A hixiene, o coidado corporal, a exploración sensorial, a valoración do pracer como elemento de goce e a identificación de similitudes e diferenzas entre os nenos e as nenas son materia de aprendizaxe. É importante que a estas idades saiban como nacen e recoñezan as diversidades de familias. Distinguir relacións, sentimentos, formas de amar e comportarse segundo contextos, así como aprender a coidar son obxectivos propios desta disciplina en infantil.

No currículo de educación primaria a educación sexual segue a estar relacionada coa mesma competencia que en infantil e áreas como Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais ou Educación Física son perfectas para abordar a sexualidade. Nesta etapa haberá que profundar no traballado anteriormente e tratar os cambios corporais, a masturbación, a menstruación ou a exaculación. A linguaxe sexual adecuada e o tratamento do sexo nos medios de comunicación serán elemento de estudo, así como as formas de relación e



As crianzas de infantil preguntan, teñen curiosidade e levan a cabo condutas cun significado diferente ás persoas adultas



restruturação familiar. A violência e o fornecimento de recursos para poder pedir axuda haberá que traballalos. As formas de concepción e anticoncepción, a orientación e a diferenza entre identidade de xénero e sexo biolóxico son conceptos que precisan ser clarificados. A amizade, o amor, as necesidades individuais vinculadas á privacidade, a intimidade e os diferentes tipos de relacións impregnan os contidos da educación sexual en primaria. Comprender o mundo dos desexos, as emocións, os sentimentos en relación aos vínculos e o recoñecemento os límites e a adquisición de actitudes como a evitación de experiencias inadecuadas ou non desexadas son contidos a tratar nas aulas.

Na ESO as competencias e as áreas nas que se poden vincular a educación sexual son semellantes ás de primaria, engadíndolle a Educación en Valores Cívicos e Éticos. Nestas idades hai grandes cambios corporais e psicolóxicos, por iso o alumnado deberá coñecer en profundidade o seu corpo e ser consciente do proceso que os leva a converterse en mulleres e homes. Terán que ter claro termos tales como: hormonas, cromosomas, biografía, puberdade ou gónadas. Tamén haberá que estudar o ciclo menstrual, os medios anticonceptivos, a fertilidade e infertilidade, o embarazo e o aborto e saber localizar os recursos próximos de atención á sexualidade. Valorar a importancia do respecto aos propios desexos, lexitimar a

sensación de medo e vergoña que poden aparecer na expresión da sexualidade e erótica son obxectivos a traballar nesta etapa. Na adolescencia diferenciar os desexos que cada un ten, os que poden ou non levar a cabo, serán importantes, a conduta e a fantasía son elementos de análise. A relativización da penetración, a reflexión sobre as mensaxes que transmiten os medios de comunicación relacionados cos estereotipos de xénero e vinculada á autoimaxe son temas a tratar. Por outro lado, hai que falar da identidade, a orientación sexual e as peculiaridades eróticas desde diferentes enfoques e fomentar o respecto á diversidade. Reflexionar sobre a satisfacción, o encontro, o desexo, a sedución, os ciúmes ou namoramentos son obxectivos a acadar na secundaria. Tamén teremos como obxectivo que os adolescentes sexan quen de identificar as dificultades para falar da sexualidade cos adultos así como adquirir habilidades comunicativas adecuadas cos iguais, a parella ou a familia.

Estas propostas poden dar ideas sobre como empezar a organizar as aulas desta disciplina nos centros educativos pensando na educación sexual que queremos. Se a nosa intención é achegarnos ás crianzas e adolescentes teremos que ter unha postura comprensiva para entender os relatos que nos traen e promover valores que lles permitan vivir a sexualidade do xeito máis feliz posible.

BIBLIOGRAFÍA:

AMEZÚA y FOUCART (2005). *El libro de los sexos. Educación sexual V. Guía para el profesorado*. Revista Española de Sexología, Nº127, 128 y 129. Madrid. Incisex

AMEZÚA (2001). *Educación de los sexos. La letra pequeña de la educación sexual*. Revista Española de Sexología. Nº 107, 108. Madrid. Incisex.

GARCÍA MAÑAS, Ana (2015). *Como trabajar en sexología con jóvenes y adolescentes*. Madrid. Síntesis

VALLÉS TORTOSA, Consol (2010). *Educación Sexual. La asignatura pendiente*. Alcalá de Guadaira (Sevilla). MAD S.L.



Reflexionar sobre a satisfacción, o desexo, a sedución, os ciúmes ou namoramentos son obxectivos na secundaria



Saúde mental na escola

→ CHUS IGLESIAS

Docente na Aula Hospitalaria de Vigo

É a escola un espazo seguro? Entendendo por ese concepto un contorno no que a persoa fundamentalmente é aceptada e valorada e así se sente, ese debería ser o primeiro dos retos, implementar factores de protección: promover a empatía, as relacións saudables, o respecto, valorar a diversidade, traballar moi a fondo a resolución de conflitos e as situacións de acoso, dominio, discriminación, submisión e maltrato, adquirir autoconciencia emocional e social, educar na autoxestión e na toma de decisións responsables...

Evitar o estigma ten que ser tamén unha prioridade absoluta, xa que a maiores das dificultades académicas entre outras moitas, non se poden asumir comportamentos externos de exclusión e discriminación.

Pero non é o único reto, porque talamos dun tema moi serio, a saúde mental, de evidente alarma social polo incremento de casos e polo inicio das diferentes casuísticas a idades cada vez máis temperás, sendo os trastornos moi diversos, cada un deles acompañado por unha com-

binación de pensamentos, emocións, comportamentos e relacións sociais alleos ao que consideramos dentro da "normalidade".

A diario afrontamos nas aulas situacións de conflitos entre iguais, trastornos de comportamento (condutas desafiantes, perturbadoras, destrutivas, etc.), acosos, condutas autolesivas, ideacións suicidas, trastornos da conduta alimentaria (TCA), estados depresivos, psicoses...

A incidencia é evidentemente maior no alumnado cun rango de vulnerabilidade máis alto, con factores de risco ben por condicións persoais, familiares, culturais, psicolóxicas ou diversas.

Así, chega o segundo gran reto: a necesidade perentoria de resposta, que pasa pola indispensable formación do profesorado e a dotación de persoal, ferramentas e recursos.


Precisamos coñecer e sistematizar moi ben os diferentes protocolos, os programas preventivos e de detección como o YAM, as diferentes indicacións (Programa 2.0 da OMS), o Plan de Convivencia, o Código Agarimo do 061...

E así, o seguinte gran reto debe ser a coordinación entre toda a comunidade educativa (docentes, alumnado, familias) e os sistemas de saúde, tanto para previr como para identificar sinais de alerta no alumnado en risco e implementar procedementos efectivos para buscar solucións e recursos, tanto dentro como fóra dos centros educativos, asumindo como punto de saída o recoñecemento da actual falta de resposta axeitada.


Ser quen de ofrecer un modelo eficaz e comprometido de coordinación, imprescindible entre profesionais (persoal docente, sanitario, servizos sociais e outros) para crear un contorno protector que é por lei ineludible e, máis que nunca, necesario.

Cómpre pois facer unha moi profunda e urxente reflexión acerca do cometido que lle corresponde á escola neste tema tan complexo, tanto polo gran impacto que a saúde mental está a ter no sistema educativo, como na sociedade en xeral: segundo Unicef, máis da metade dos adolescentes, un 41 %, asumen ter problemas mentais, pero nove de cada dez non piden axuda no seu contorno próximo por falta de confianza, empregando a cambio as redes sociais como único recurso de axuda e información.

Protocolos educativos, manuais e guías de actuación da Consellería



Programa YAM



aulas
libres

5
5

saúde na escola

O cole de Cea, escola titiriteira

→ **CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ CIBEIRA**

Coordinadora do EDLG do CPI "VIRXE DA SALETA", de San Cristovo de Cea -Ourense.

A relación do Cole de Cea co mundo do títere e do monicreque vén de lonxe. Alá polo 2013 xa iniciáramos un proxecto chamadado "NAS NOSAS MANS", que tiña como obxectivo a creación dunha compañía infantil e xuvenil de monicreques. O proxecto foi deseñado inicialmente para as áreas de Lingua e Literatura española, Tecnoloxía, Música e Plástica e traballáronse competencias como a Social, Cultural, Lingüística, Artística e a Iniciativa e Autonomía Persoal. O obxectivo principal deste proxecto era aumentar a motivación e implicación do alumnado, facéndoo sentirse non só parte, senón centro de todo o proceso de aprendizaxe, enfrontando os alumnos e alumnas a un reto real que esixiu o mellor de todos e todas. Aquel proxecto rematou coa elaboración dun teatriño de guiñol e a estrea dunha inesquecible obra de títeres chamada "Las Olimpíadas Más Animales".

Nos anos seguintes, o Cole de Cea continuou a realizar numerosas actividades vinculadas ao mundo do títere,

dentro do proxecto de centro "ESCOLA TITIRITEIRA", tales como o deseño e fabricación de monicreques, a construción dun novo escenario, ou a creación e representación de diferentes obras en diferentes ocasións.

COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN MORREU O DEMO PARA A RECUPERACIÓN DO TÍTERE TRADICIONAL

Seguindo nesta liña de traballo, no curso 2019-2020, o Cole de Cea iniciou a colaboración coa Asociación "Morreu o Demo", que traballa pola Recuperación do Títere Tradicional Galego, para dar a coñecer este patrimonio cultural. A asociación naceu co obxectivo de investigar e afondar na recuperación do patrimonio dos títeres tradicionais en Galicia, divulgar este legado e reactivar o personaxe de Barriga Verde -o seu exemplo máis senlleiro- entre as novas xeracións. Este colectivo ten desenvolvido múltiples actividades que inclúen exposicións de grande formato como "Barriga Verde. De feira en feira", que



chegou a máis de 11.000 persoas, o festival Titiriberia, que celebrou en 2024 a súa nona edición, publicacións, actividades divulgativas e coproducións no campo dos títeres. Vencelladas ao seu traballo, nos últimos anos multiplicáronse as apostas de compañías que contan no seu repertorio coas súas propias versións de Barriga Verde.

Co proxecto "Barriga Verde, da Barraca á aula", preténdese facilitar a integración do mundo titiriteiro nas aulas. Neste proxecto desenvólvense múltiples actividades, co-

mo encontros co profesorado; visita ao centro de membros da compañía de títeres VIRAVOLTA, asistencia ao documental "Morreu o Demo, acabouse a peseta", sobre a historia de Barriga Verde e as súas conexións cos títeres europeos; realización de obra- doiros de guión, de construción e manexo de títeres, de monicreques en igualdade; saídas para visitar festivais de títeres tradicionais como o TITIRIBERIA, ademais da dotación de lotes de material documental ao centro, e a instalación de diversas exposi-

cións no Cole.

TITIRICEA, A NOSA COMPAÑÍA ESCOLAR DE MONICREQUES

Por outra banda, nos últimos cursos desenvolvemos un proxecto concreto de creación dunha compañía de monicreques que recibiu o nome de TITIRICEA. O alumnado da ESO, para alén de desenvolver e representar as súas propias obras, é o encargado da elaboración e mantemento do teatriño e dos monicreques, así como da promoción dos espectáculos, composición da música, efectos de son e





outros elementos técnicos necesarios e da montaxe, escenificación e representación de diferentes obras de títeres. A creación da compañía enmárcase no proxecto de centro “ESCOLA TITIRITEIRA” e mais no proxecto didáctico “DA BARRACA Á AULA”. O veterano titiriteiro Anxo García, membro da AC Morreu o Demo e da compañía Viravolta títeres foi o encargado da formación que deu pé á nova compañía escolar.

A celebración do VI SERÁN DO COLE DE CEA, o 16 de maio de 2022, foi o marco escollido para presentar en sociedade o noso novo proxecto titiriteiro: no transcurso desta festividade, aberta a toda a comunidade educativa do CPI Virxe da Saleta e que procura pór en valor e revitalizar o patrimonio inmaterial da nosa comarca, presentouse en exclusiva mundial a compañía escolar de monicreques “TITIRICEA”. O alumnado da ESO do centro conformou esta nova compañía, que debutou nada menos que con cinco

obras orixinais escritas por eles e elas. Os membros do proxecto encargáronse ademais da construción dos títeres, a escenografía ou o vestiario necesario para as funcións, así como da composición da música, efectos de son e traballos técnicos, ademais, por suposto, da manipulación dos bonecos. No propio día da estrea tamén correron coa promoción do espectáculo e a atención ao público asistente.

OS TÍTERES NO PROXECTO COMPETENCIAL DE 6º EP

Ainda que, por falta de financiamento das institucións, o proxecto “DA BARRACA Á AULA” ficou pendente de continuidade, seguimos a mantermos o contacto e as actividades relacionadas co mundo do títere. Por exemplo, no curso 2023-24 o alumnado que asistía á aula de Proxecto Competencial, no sexto curso de Primaria, preparou un proxecto relacionado coas actividades de títeres que o cole vén desenvolven-

do desde hai xa bastantes anos. Coordinados pola súa titora, propuxéronse elaborar e pór en escena unha obra de monicreques orixinal titulada “A Granxa da Antonia” que foi estreada con grande éxito de crítica e público durante a “FESTA DAS LETRAS” do cole, celebrada o xoves, 16 de maio de 2024.

De cara ao futuro, no Cole de Cea temos a vontade de continuar o traballo arredor dos títeres, polo seu inmenso potencial didáctico e expresivo e animamos a compañeir@s e centros de ensino a experimentar tamén este tipo de proxectos.

MÁIS INFORMACIÓN

Web da Asociación Morreu o Demo:
barrigaverde.eu

Web do Cole de Cea:
www.edu.xunta.gal/centros/cpivirxedasaleta/

Facebook do Cole de Cea:
www.facebook.com/ColedeCea

barrigaverde.eu/cms/nace-titiricea-primeira-compania-escola-de-titeres-integrada-en-da-barraca-a-aula/



Pensar, Actuar, Transformar

Filosofía para Nenos e Nenas no CEIP Plurilingüe de Outes

→ **SARA XOANA MANEIRO GARCÍA**

CEIP Plurilingüe de Outes, A Coruña

É a escola un espazo seguro? Entendendo por ese concepto un contorno no que a persoa fundamentalmente é aceptada e valorada e así se sente, ese debería ser o primeiro dos retos, implementar factores de protección: promover a empatía, as relacións saudables, o respecto, valorar a diversidade, traballar moi a fondo a resolución de conflitos e as situacións de acoso, dominio, discriminación, submisión e maltrato, adquirir autoconciencia emocional e social, educar na autoxestión e na toma de decisións responsables...

Evitar o estigma ten que ser tamén unha prioridade absoluta, xa que a maiores das dificultades académicas entre outras moitas, non se poden asumir comportamentos externos de exclusión e discriminación.

Pero non é o único reto, porque talamos dun tema moi serio, a saúde mental, de evidente alarma social polo incremento de casos e polo inicio das diferentes casuísticas a idades cada vez máis temperás, sendo os trastornos moi diversos, cada un deles acompañado por unha combinación de pensamentos, emocións, comportamentos e relacións sociais alleos ao que consideramos dentro da "normalidade".

A diario afrontamos nas aulas situacións de conflitos entre iguais, trastornos de comportamento (condutas desafiantes, perturbadoras, destrutivas, etc.), acosos, condutas autolesivas, ideacións suicidas, trastornos da conduta alimentaria (TCA), estados depresivos, psicoses...

A incidencia é evidentemente maior no alumnado cun



6 0

os nenos e nenas aprenden a formular boas preguntas, a escoitar, a razoar, a recoñecer os seus prexuizos e a argumentar con coherencia



Nun contexto no que proliferan programas destinados a mellorar as habilidades de pensamento e resolución de problemas, os resultados seguen sendo pouco alentadores. O profesorado universitario coincide en sinalar que moitos estudantes que rematan a educación secundaria presentan carencias importantes: non razoan con flexibilidade nin creatividade, teñen dificultades para argumentar e analizar, non distinguen claramente entre coñecemento e crenza, e mostran escasa disposición para cuestionar as súas ideas. Esta situación revela unha carencia esencial: a escola segue sen formar pensadores autónomos e reflexivos.

Neste panorama emerxe o programa de Filosofía para Nenos e Nenas (FpN), unha proposta educativa que ten como finalidade principal desenvolver a capacidade de pensar por un mesmo en diálogo reflexivo cos demais. A súa orixe remóntase aos anos 60, cando Matthew Lipman, profesor de lóxica na Facultade de Filosofía de Columbia, observou a incapacidade argumentativa dos seus estudantes universitarios. Xunto con Ann Sharp, pedagoga, deseñou un modelo filosófico adaptado á infancia e fundou en 1974 o IAPC (Institute for the Advancement of Philosophy for Children) na Universidade de Montclair, Nova Jersey.

Desde alí espallouse internacionalmente, chegando a España nos anos 80. A visita de Lipman e Sharp propiciou a creación do Centro Estatal

de Filosofía para Nenos e do Grupo IREF en Cataluña. En Galicia e noutras comunidades autónomas tamén se estableceron redes activas. Dentro desta expansión naceu o Proxecto Noria, impulsado por A. Sátiro e I. de Puig, que incorporou unha dimensión lúdica e creativa ao enfoque filosófico, achegándoo especialmente á Educación Infantil mediante recursos como a arte, a narración ou a expresión corporal.

Pero máis alá dos recursos metodolóxicos, a esencia do programa mantense fiel a unha idea central: non se trata só de aprender a pensar, senón de aprender a pensar por un mesmo en compañía dos demais. Un exemplo desta filosofía atopámolo na primeira novela do programa, *El descubrimiento de Harry*.¹ Este diálogo entre os personaxes sintetiza con claridade esa intención. No capítulo 5, Mark expresa a súa frustración coa escola: “Los profesores no quieren admitirlo, pero yo tengo una cabeza propia. Siempre me la están llenando de toda clase de basura, pero mi cabeza no es un basurero. ¡Realmente me molesta!” (Lipman, 2015, p. 33). Máis adiante, Harry dille ao seu mestre: “Los niños necesitan ser libres para pensar por sí mismos tanto como los adultos; quizá incluso más” (2015, p. 61). Estas palabras sinalan non só unha crítica ao contido escolar, senón tamén ao proceso educativo tradicional, no que os adultos pretenden encher a mente infantil sen recoñecer a súa capacidade de xuízo. Es-



a filosofía convértese nunha ferramenta de democra- tización do pensamento



coller falar de FpN, entre todas as propostas existentes, ten que ver precisamente con isto: con defender unha educación que non só transmite saberes, senón que cultiva a liberdade de pensamento, o diálogo e a autonomía intelectual desde a infancia.

A FpN promove o pensamento crítico, creativo e coitado. O seu obxectivo non é formar filósofos senón fomentar cidadáns que pensen con criterio propio, que saiban cuestionar, dialogar, crear e coidar. A través desta metodoloxía, os nenos e nenas aprenden a formular boas preguntas, a escoitar, a razoar, a recoñecer os seus prexuízos e a argumentar con coherencia. A filosofía convértese así nunha ferramenta de democratización do pensamento.

Practicar a filosofía na infancia permite desenvolver habilidades clave como a análise, a síntese, a capacidade de

conceptuar e a sensibilidade para detectar contradicións ou valores implícitos. O diálogo reflexivo, enmarcado nunha comunidade de indagación, converte a aula nun espazo para pensar mellor: sen dogmas, sen respostas pechadas, cunha apertura constante ao cuestionamento.

A FpN ofrece ás novas xeracións as ferramentas para comprender mellor o mundo, tomar posicións responsables e actuar de forma ética e transformadora.

A EXPERIENCIA NO CEIPP DE OUTES

No CEIPP de Outes a implantación do programa de Filosofía para Infancia comezou no terceiro trimestre do curso pasado. Tras unha primeira formación interna impartida por min, que son formadora de formadores en FpN, o equipo de Educación Infantil iniciou de inmediato a práctica filosófica co seu alumnado. A resposta foi tan positiva que

pouco despois sumouse máis profesorado, aproveitando unha formación intensiva coa experta Angélica Sátiro, organizada en colaboración coa Asociación de Filosofía para Nenos e Nenas de Galicia.

Este curso escolar, o compromiso co programa fíxose máis profundo mediante a participación nun Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) do centro. A formación contou nova-

mente con Sátiro e tamén con Myriam García e Rosa L. Alemany, o que permitiu seguir aprofundando na metodoloxía e filosofía do proxecto; consolidando a práctica e creando unha cultura filosófica compartida entre o profesorado.

A razón do encaixe tan natural do programa no colexio reside na súa identidade como escola democrática. Aquí, a infancia ten un papel activo na vida do centro: participa en asembleas de aula, de ciclo e no Consello da Infancia. Neste contexto, a FpN non é un elemento illado senón unha ferramenta coherente co modelo educativo que promove a reflexión, a participación e a responsabilidade desde a infancia.

A través das comunidades de diálogo filosófico, os nenos e nenas pensan, imaxinan, crean, coidan, actúan e xestionan. Soñan a súa escola ideal e propoñen cambios posibles a través de accións micropolíticas axustadas á

súa escala. O pensamento filosófico convértese así nun motor de transformación real do contexto educativo.

A práctica filosófica complementase no centro con múltiples recursos culturais e artísticos: contos, xogos, poesía, música, danza, pintura, escultura ou cine. Estes materiais permiten traballar temas universais como a amizade, a identidade, a liberdade, a xustiza ou os dereitos humanos, adaptados á idade e intereses do alumnado.

Cada sesión de FpN estrúcturase arredor dunha comunidade de indagación. O docente actúa como facilitador e guía do proceso reflexivo. A infancia formula preguntas, analiza, argumenta, conceptúa e aprende a dubidar. Non se busca unha única resposta senón abrir o pensamento a múltiples perspectivas. Esta práctica fomenta a autonomía intelectual, o respecto pola diversidade de ideas e a capacidade de aprender do erro.

Desde esta mirada, o erro non é fracaso senón oportunidade. A convivencia e o diálogo son procesos complexos nos que interveñen dimensións emocionais, éticas e sociais. Aprender a autorregularse neses tres planos é parte esencial do desenvolvemento persoal e cidadán.

A través da FpN, as nosas comunidades son incubadoras de cidadáns críticos, coitados e capaces de construír xuntos un mundo máis xusto e habitable onde todos e todas queiramos vivir.

NOTAS

1. Lipman, M. (2013). El descubrimiento de Harry, (3ª ed.; M. Lozano Ordovás, Trad.). Edicións de la Torre. Existe unha versión en portugués titulada O descubrimento de Aristóteles Maia (Sociedade Portuguesa de Filosofía, 1994).



Notas para recordar como se desmilitariza a escola

→ ÓSCAR IGLESIAS

Docente da familia de Imaxe e Son no IES Xelmírez I.

«A Intelixencia Artificial fará un viño mellor. Revolucionará a educación para ben, é unha aliada: cando os profesores apostan por ChatGPT, a técnica vai diante, o pensamento por tras. Por unha intelixencia artificial europea e social, Iberdrola presenta a EEUU planos de investimento en redes por máis de 18.300 millóns. Temos que gastar en defensa o que sexa necesario»

— Olivier Blanchard, economista, gañador do Premio Fronteras da Fundación BBVA).

Velaquí unha colaxe de ofendidas compiladas este ano da prensa monárquica e *Nós Diario*, modificando somentes a puntuación. A avangarda da intelixencia artificial que comeza a asulagar o ensino público... Na realidade das aulas:¹ ordenadores que nos cegan a todos, pizarras electrónicas de 4000 (ou 7000?) euros espetadas no lugar do xiz e do encerado, impresoras 4D adornando os polos creativos...

Porén, abrollan comités de expertos, consello galego de IA, primeira lei europea de IA e outras bravatas contidas na chamada *Estrategia Gallega de Inteligencia Artificial 2030: hacia una Galicia Inteligente*:² 330 millóns de euros deica alá. Parte dese diñeiro chegará aos departamentos de Ciencias de Educación. Non se vai derramar en pedagogía da literatura, nin en pensamento lóxico-matemático. Como ben poidan, xa os profesoriños irán traducindo as ocorrencias da intelixencia cibermilitar a esoutro oxímore chamado resultados de aprendizaxe.³

Para empezar,⁴ un robotiño informante dos itinerarios laborais e un arquivo dixital personalizado de cada alumna, ambos intelixentes. A Concellería explica de calquera xeito («é o futuro»), e pon o exemplo doutra alfaia da moda falsa: a carpeta para a autoxestión e empoderamento do paciente do e-saúde, a plataforma dixital do Sergas.



acaso non
sabemos que
non hai auga
dabondo para
manter
refrixerados
os centros
de datos
informáticos?



Da educación á sanidade (a mesma loita), o que mellora isto a soberanía humana! Para que gastar nunha orientadora pedagóxica de carne e óso cada mil alumnos, ou nun único traballador social para ese centro de saúde que atende ducias de miles de habitantes, como até agora, podendo aforralo coa excusa da innovación e a calidade?⁵

As familias. Non todas as nais saben que os seus fillos non dan atendido 30 segundos, que fan traballos con ChatGPT ou nada, e dificilmente saben interpretar un texto que non sexa estritamente denotativo. Entre as ANPAS aínda desavisadas, coa inspección e nas titorías, claustros e consellos escolares, vale *Superficiais. Que está facendo Internet coas nosas mentes?*,⁶ por exemplo. Coas familias de pais enxeñeiros, antes de falarlles do futuro da alma, sexan vos tedes técnicos: «A imposición de solucións tecnolóxicas é unha maneira de evitar enfrontar as cuestións importantes» (Joseph Weizenbau).⁷

Os claustros. Sen reflexión non pode haber fe. As directivas que non son do PP nin da relixión progresista tamén están secuestradas cognitivamente pola máquina de cargar números. Ninguén informou lealmente, as preguntas pola técnica que haxa que facer terán que saír do pobo docente.

[A seguir co tempo que nos roubaron, o meirande sindicato educativo da Galiza semella confundir o que nos

vén enriba co ferrocarril do amado Curros, e sen espernaxar nada promove este trimestre o curso Intelixencia Artificial para o ensino e a atención á diversidade. Por se alguén na CIG reparase nesta absoluta subsunción do Traballo no Capital, fagan a proposta lóxica: substituír o módulo común Formación e Orientación Laboral por Emprender en Onlyfans].⁸

Acaso non sabemos, a falta da computación cuántica que defenden as compañías de seguros, que non hai auga dabondo para manter refrixerados os centros de datos informáticos?⁹ Que os recursos son finitos, e que a colonización do espazo social e a usurpación do tempo, coa supresión das distancias entre o público, o privado e o íntimo, nos enferma a todos?

Quen quere que o futuro sexa unha secuencia de comandos?¹⁰ Quen manda. Soñan con acabar de militarizar o ensino¹¹ os dirixentes educativos, e/ou son negocios? É dubidoso que un físico coma o ex rector da USC Senén Barro, director científico no Gaiás do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS), lese o Husserl d'A *crise das ciencias europeas*. Pero tamén pode ser que o lese, e aínda así obre coma un vendedor de crepeolos.¹² Como se a vulgata do marketing empresarial fose a psicanálise, e non ao revés.¹³

Guerra e linguaxe. «O que nos ameaza non son os robots, senón esa relación instrumental coa linguaxe, exaltada polo empirista mercantil, que

pretende desposuíla de toda ambigüidade para que calquera operación cognitiva poida ser vista coma unha secuencia de etapas elementais». Isto é do último que escribiu, en 1998, Gilles Chatélet no seu panfleto *Vivir e pensar coma porcos. Do convite á enxexa e o aburrimiento nas democracias de mercado*.

NOTAS

1. https://www.eldiario.es/galicia/crisis-e-dixgal-plan-millonario-xunta-impone-pantallas-escuela-padres-pie-guerra_1_12127488.html
2. <https://amtega.xunta.gal/es/evento/estrategia-gallega-de-inteligencia-artificial-2030-hacia-una-galicia-inteligente>
3. <https://criticaurbana.com/por-si-hablasemos-de-educacion>
4. Esta parola do conselleiro galego de Educación co seu homólogo asturiano é un exemplo de entrevista auspiciada, un dos subxéneros da publlirreportaxe: <https://elpais.com/ciencia/2025-01-13/un-geografo-del-pp-y-un-biologo-del-psoe-unidos-por-un-record-galicia-y-asturias-lideran-el-crecimiento-en-ciencia-e-innovacion.html>
5. https://blogs.elconfidencial.com/cultura/tribuna/2014-06-02/contrala-calidad-siempre_138829/
6. https://elpais.com/diario/2011/01/29/babelia/1296263535_850215.html Un manual anterior sobre a adicción ás pantallas é A xeración ansiosa, de Jonathan Haidt: <https://www.nuevarevista.net/jonathan-haidt-la-generacion-ansiosa/>
7. telos.fundaciontelefonica.com/archivo/numero038/entrevista-a-joseph-weizenbaum/
8. O ecoloxismo de Marx:, de Joaquín

Sempere: [https://](https://www.sinpermiso.info/textos/el-ecologismo-de-marx)

www.sinpermiso.info/textos/el-ecologismo-de-marx

9. <https://elpais.com/tecnologia/2023-03-03/jonathan-crary-si-queremos-seguir-viviendo-en-este-planeta-debemos-limitar-internet.html>
10. <https://cajanegraeditora.com.ar/la-tecnologia-que-experimentamos-es-una-magia-arcaica-entrevista-exclusiva-a-boris-groys/>

11. <https://ctxt.es/es/20250101/Politica/48313/Sophia-Goodfriend-972-Magazine-Silicon-Valley-armas-israel-fondos-inversion-EEUU.htm>

12. <https://www.energiacreadora.es/ec-11/entrevista-a-senen-barro/>

13. <https://ctxt.es/es/20250301/Firmas/48786/Ana-Luengo-distopia-tecnologica-empobrecimiento-educacion-EEUU.htm>

[https://diario-octubre.com/](https://diario-octubre.com/2018/07/09/por-un-algoritmo-afroamericanos-eran-condenados-a-penas-mas-largas-de-carcel-que-los-blancos-en-eeuu/)

[2018/07/09/por-un-algoritmo-afroamericanos-eran-condenados-a-penas-mas-largas-de-carcel-que-los-blancos-en-eeuu/](https://diario-octubre.com/2018/07/09/por-un-algoritmo-afroamericanos-eran-condenados-a-penas-mas-largas-de-carcel-que-los-blancos-en-eeuu/) Entre os empresarios da educación, os máis ricos falan do profesor como “obstáculo civilizatorio”: <https://www.motherjones.com/politics/2025/03/elon-musk-schools/>



aulas
libres **13**

Im o Eixo da Resistência
Palestina Vencerá!

A SOCIEDADE GALEGA
CO POBO PALESTINO

ON PAI

as crianças não são
sementes

STEG

VOLUME
OFF ON